


aulas libres

revista de pensamento,
información e debate

9^{do} **steg**



aulas libres nº 9

Galiza, Novembro de 2017.

aulaslibres@steg.gal

Edita:

Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza, STEG.

Dirixe:

Comisión Permanente do Secretariado Nacional do STEG.

Coordinan:

Emilio Xosé Ínsua López e Sonia Fernández Casal.

Deseño e maquetación:

Rosa Herraiz Cabanas.

Impresión:

Parsan Gráfica

Depósito legal: C 2092-2013

ISSN: 2340-8618

Permítese a reprodución sempre que se cite autoría e procedencia.

Distribución gratuíta.

A revista non se fai necesariamente partícipe das opinións das persoas que colaboran nela.

A confección deste número pechouse o 1 de novembro de 2017.

Imaxe de portada: Marumasat

aulas libres 9



2 **editorial**
Permanente do STEG

4 **actualidade sindical**
Permanente do STEG

20 **xornadas autismo**
Pilar García, Mercedes
Grueso e María Guerreiro

21 **xornadas
escola sindical**



11 **o caso do gasóleo**
Sabela Núñez Singala

22 **in memoriam:
gustavo chao**
Manolo Martín



12 **manifesto 25N**
Asemblea de Mulleres do
STEG

26 **entrevista con Carme
Saborido**
Isabel González Avión



13 **entre lei e pacto...**
Macu Gimeno

30 **experiencias de aula:**
Videoteca A Basella,
Marumasat,
Dar Aulas en portugués,
Tarta de Mel



15 **saúde laboral nas
mulleres**
Francisca López

actividades de formación
Lois Pérez

18

36 **para ver, para ouvir,
para ler**
Emilio X. Ínsua
Isabel González Avión

40 **texto literario**
Pura Vázquez

editorial

O partido que impulsou e aprobou no seu día en solitario a LOMCE, abusando prepotentemente da maioría no Congreso e pasando por riba das múltiples e razoábeis voces que desde toda a comunidade educativa advertiron das nefastas derivacións desa lei, aplica nestes días tamén en Cataluña, co controvertido artigo 155 da Constitución como arma arreboladiza, a súa receita de cinismo, prepotencia, represión, negación ao diálogo e menosprezo dos dereitos fundamentais.

Faino, para sorpresa de moitas de nós, coa estraña connivencia doutra forza política que parecía ter recuperado, a impulso das súas bases, algunhas das súas señas de identidade máis positivas, apostando por un federalismo estatal aberto á plurinacionalidade e ao diálogo. Parece que, dando chocante mentís a esa esperanzadora reorientación, tal forza entrega nestes días boa parte do seu creto nunha alfándega na que recollen dividendos tanto o reaccionarismo “popular” como a extrema dereita rediviva.

Faino, como non podía ser menos, envolto na tramposa retórica da defensa, disque, do “estado de dereito” (dereito a que o Estado pisotee os dereitos, debe de ser o tal, como saben ben os “Jordis” da ANC e de Òmnium Cultural e os centos de alcaldes cataláns chamados a declarar por permitiren que a xente puidese votar) e na reveladora invocación á “sacrosanta unidad de la patria”, indisolúbel o mesmo mesmiño que o tiña que ser en tempos de Francisco Franco, esa repetida roda de muiño con que se atragoa no Reino borbónico hispano o concepto mesmo da democracia alí onde as maiorías sociais e parlamentares, como é agora o caso de Cataluña, desexan superar con toda a lexitimidade do mundo un corsé colectivo imposto en 1978 baixo ruído de sabres e reforzado con frufús de togas en 2010.

Na ofensiva do Estado contra as ansias pacíficas e profundamente democráticas dun pobo exemplar como é o catalán, cívico coma poucos, non podían ficar a salvo, é obvio, nin as portas e demais

instalacións físicas dos colexios onde se celebrou o referéndum do 1-O, destrozadas alegremente entre porrazo e porrazo contra a xente por quen fora animado desde o principio co tan “educativo” e “proporcionado” berro de “A por ellos!”, nin, claro que non, o conxunto dos mestres e mestras do sistema educativo catalán, axiña postos no punto de mira, canda os Mossos e canda os medios públicos de comunicación (TV3 e Catalunya Ràdio), como apetitosas vítimas propiciatorias a sacrificar no altar do supremacismo centralista, intolerante e de tintes cada vez máis fascistoides, modelo Erdogan en Turquía, que se defende con impunidade desde as instancias gobernamentais españolas e os seus altosfalantes mediáticos.

As mesmas mentiras podridas sobre o tratamento das linguas na escola catalá que empregou o ínclito Ignacio Wert para xustificar o seu obxectivo confeso na LOMCE de “españolizar a los niños catalanes” resucitaron estes días en todo tipo de medios de comunicación impresos e audiovisuais, convertidos xa sen freo, como “Brunete mediática” que dixo o outro, en medios de propaganda política goebbelsiana, *ad maiorem gloriam patriae hispaniae*.

Aqueles que reinstauraron a presenza da Relixión nas nosas aulas con valor académico, os que asinaron substanciosos concertos económicos con centros que segregan alumnado por sexo para perpetuar o modelo patriarcal na sociedade, os que se cargaron a materia de Educación para a Cidadanía, os que reduciron a límites vergoñentos a presenza da Filosofía e da Ética nos currículos oficiais (algunhas veces coa connivencia da antiga Convergencia i Unió, todo hai que dicilo) e aqueles que andan a presentar nestes días unidades didácticas feitas en convenio co ministerio de Defensa para enxalzar “el himno, la bandera y la defensa de España [sic]”, verten mentiras xofrentas sen fin sobre o presunto “adoutrinamento” que se viría practicando nas aulas de Cataluña. Tanto que ven a palla no ollo alleo e non ven a viga no propio!!!

Sabemos como funcionan estas campañas de desprestixio das e dos docentes, tan visguentas. Vivímolos nas nosas escolas cando certa entidade galegófoba axitou o espantallo indigno da “imposición del gallego” ou cando tiveron lugar as multitudinarias mobilizacións do “Nunca máis”. Daquela, Conselleiro houbo que pretendeu en balde coartar a nosa liberdade de expresión e de cátedra, ansioso por interferir cos seus *diktats* partidistas a nosa obriga de educar o alumnado nos valores medioambientais e cívicos sobre os que descansan algúns dos máis importantes consensos básicos da nosa sociedade.



Fracasarán tamén nesta hora histórica, perante a ética intachábel, o bo facer e a entrega profesional da escola catalá no seu conxunto, os políticos que, coas mesmas siglas ou con outras engadidas, pretenden converter o ámbito docente en escenario para a súa tiránica ambición de derrotar a determinación do pobo catalán de que se lle recoñeza o seu dereito a decidir.

Desde STEG enviamos, de maneira moi especial e emotiva, unha mensaxe de solidariedade fraterna para as nosas colegas de USTEC e aplaudimos a súa valentía e compromiso á hora de opoñérense a toda medida que supoña detraerlle ás lexítimas autoridades educativas da Generalitat calquera competencia nesa materia.

¿Que dicir da reclamación de “información obxectiva e veraz”, arrebolada contra os medios públicos cataláns no decreto que autoriza a aplicación do artigo 155, cando está posta en boca dun presidente que deu roldas de prensa con plasma de por medio, que se negou reiteradamente a contestar preguntas en roldas de prensa públicas e que decapitou o xornalismo independente na TVE, como veñen denunciando unha e outra vez os seus traballadores e traballadoras? ¿El será o modelo desexado para Cataluña o da nosa TVG, que retransmite series enlatadas e fútbol a mancheas namentras morre xente queimada nos montes e o país todo arde polos catro costados vítima dunha política forestal que desde hai décadas argallan nos despachos con portas xiratorias as elites de ENCE e as do PP?

A posición por parte das institucións desa Europa de mercachifles, burócratas e neocons cargados de cinismo e ambición que nos toca padecer, pechando fileiras cabo do aparello estatal español represor en vez de arroupar as ansias democráticas, pacificamente demostradas, da cidadanía catalá indefensa, dáonos a medida da profunda involución e da perversión de valores presentes na Carta fundacional europea que se ten operado no noso espazo político, por se quedasen aínda dúbidas despois de constataremos a resposta deses dirixentes institucionais continentais perante o drama dos refuxiados da guerra en Oriente Próximo ou a súa actitude tocante aos tratados de comercio que non fan máis que incrementar o nesgo neoliberalizador, ergo inxusto, da economía mundial.

O conflito de Cataluña, con toda a súa complexidade, deixa espidos os profundos deterioros e perversións do sistema democrático español (onde el vai, Montesquieu!) e advírtenos, en toda a súa crueza, do arraigo que máis de corenta anos despois de morto o ditador Franco teñen aínda en boa parte da sociedade e da clase política españolas as concepcións imperialistas que negan a pluralidade de suxeitos políticos dentro das propias fronteiras estatais e antepoñen sen rubor e mesmo con violencia, sexa física (as cargas policiais do 1-0) sexa simbólico-institucional (destitución do Govern da Generalitat, esvaciamento do Parlament, intervención das Consellerías, Mossos, etc.) o discutíbel principio de “la unidad de la patria española” aos inalienábeis dereitos democráticos e colectivos da cidadanía catalá.

actualidade sindical

1. rematamos o curso pasado con outro golpe mortal ao rural

O peche do CPI Monte Caxado, das Pontes, do CEIP Emilio Navasqués, na Serra de Outes e do CPI da Ribeira, no Porriño, sorprendeu non pola liña política que representa, acorde coa visión que o goberno ten do ensino no rural, senón pola forma vil, rastreira e traidora coa que a administración notificou, sen previo aviso e no penúltimo día lectivo do curso pasado, que non continuarían as actividades no curso 17/18.

A Consellería obrou do mesmo xeito con nocturnidade (o día anterior ao remate das clases) e con alevosía (de costas á comunidade escolar) co CPI Tomás de Lemos, en Ribadavia, pechando neste centro as unidades de ESO.

Esta administración, na que se presume de “bos xestores”, é máis ben un niño de malos podadores, que coa excusa de sanear a árbore, cortan pólas de máis e ao final rematan matando o carballo. Porque hai que ter moi presente que cando un centro educativo pecha, NON volve a abrir, e resulta nunha ferida mortal a poboacións que non teñen outro remedio que mudarse ante a perda de servizos esenciais. O peche dun centro educativo sempre supón unha perda irreversible de servizos públicos, que fomentan a despoboación e o desmembramento do tecido empresarial rural. Se esta é a “lexislatura do rural” para a Xunta, imaxinamos que se refiren á lexislatura do seu desmantelamento.

Así demostra a Consellería, de novo, o desprezo co que trata o ensino público, considerando o alumnado como simples números que cumpren coa *ratio* (que, tal e coma o STEG vén denunciando desde hai anos, se incumpre en numerosos casos). Ignoran conscientemente que canto máis alumnado hai nun grupo, menor é a calidade do ensino, menor é a atención individualizada que se lles pode prestar ao alumnado e menos tempo se pode adicar a preparar clases, xa que aumentan as tarefas administrativas que o profesorado ten que realizar.

Esquecen intencionadamente que o alumnado ten que facer moitos máis quilómetros e converten os centros que quedan en macrocentros. Todas estas xogadas eliminan tamén as sinerxias que se crean nas comunidades rurais cando existe un centro educativo, que como se sabe, son sempre un pulo positivo e esencial na contorna.

O profesorado tamén sofre as consecuencias: por unha banda sofre a perda de prazas totais e, por outra, aumentan as “supresións” e traslados do profesorado, cousa que se podería ter evitado de ter negociado previamente.

Temos que lembrar que estas accións non se acometen na concertada, xa que o trato de favor para con esta, abrindo novas aulas, concedendo máis axudas e outorgando máis unidades, denota unha actitude moi significativa da dirección e ideoloxía que ten a Consellería. Priman a concertada, esquilman a pública.

2. comezamos o curso 2017-2018 co reloxo parado no ensino público

Se algunha cousa boa tivesen os gobernos conservadores, sería o feito de que como non hai transformación verdadeira, senón unha degradación progresiva do público, os escritos de denuncia vólvense conservadores tamén na súa argumentación: debemos conservar os argumentos de anos pasados, pois a intención de derrube do público segue a ser a mesma.

E cada comezo de curso co goberno do PP na Galiza significou para os centros públicos de ensino do noso país máis recortes, menos profesorado e por tanto unha maior precariedade nun eido fundamental para a nosa vida en sociedade.

Neste contexto, para o STEG resulta fundamental, en primeiro lugar, incidir na necesidade de reverter as políticas educativas que vimos padecendo dende hai un lustro e fronte ás cales agora puidese haber (alomenos no Estado) unha maioría parlamentaria alternativa que as cambiase. En segundo lugar, a esixencia de habilitar un regulamento de acceso extraordinario á función docente que garanta a consolidación laboral do profesorado interino coa aplicación do Acordo para a Mellora do Emprego Público, do 29 de marzo, así como as medidas necesarias que garantan a súa estabilidade no traballo.

Parece que o reloxo do ensino público non só se detivese de súpeto, senón que fose cara atrás. Ben sabemos onde quere a Xunta de Feijóo poñelo, se observamos o recente concerto cos centros que segregan por sexos (renovado até 2023) ou coa supresión de centros que denunciámos no artigo anterior.

Daquela, habería que porlle fin á política de recortes que se iniciou coa crise económica, e que tivo un dos seus puntos culminantes cos reais decretos do ano 2012 que aínda continúan en vigor. Esta reivindicación, pola que veu loitando toda a comunidade educativa nos últimos anos, cobra este curso unha nova dimensión por unha dobre circunstancia: por unha banda polo propio discurso do Goberno central que defende que a situación económica mellorou ata situarnos na posición previa ao estalido da “crise” e, por outra banda, porque a súa situación de minoría parlamentaria permítelle á oposición implementar outras políticas alternativas.

Para o STEG o curso que acaba de botar a andar ten que ser o curso en que, canda á demanda xeral de aumento do investimento público educativo, se recupere o poder adquisitivo dos traballadores e traballadoras do ensino e as condicións de traballo que había antes dos decretos dos recortes: diminuír o horario lectivo do profesorado; acabar co abuso das ratios escolares e restablecer as condicións que tiñan as/os ensinantes maiores de 55 anos, medidas todas elas que facilitarían un aumento do persoal docente; así mesmo, mellorar os permisos e licenzas, acabar coas penalizacións económicas polas baixas médicas e cumprir con rigor as normativas sobre saúde laboral, son outras reivindicacións fundamentais.

Neste desastroso *déjà vu*, a historia repítase unha e outra vez coma nunha caixiña de música onde soase unha melodía atroz:

o peche das escolas do rural, ao que debemos sumar a non optatividade nos seus centros de secundaria coa excusa da escasa demanda, debilitando aínda máis un eido especialmente castigado por esta crise/estafa e polos actuais modelos de crecemento.

o recorte brutal do profesorado, que mingou en case mil cincocentos profesionais dende a chegada ao goberno da Xunta de Núñez Feijóo.

a alarmante diminución nas axudas á promoción da normalización do galego, que deriva nun uso menor do mesmo, incidindo no proceso de substitución lingüística e de desaparición da nosa lingua.

o alarmante desleixo pola atención á diversidade, que se resume no feito de que as prazas de orientación cada vez veñan con máis afíns, no camiño de converter unha área fundamental do ensino nun caixón de sastre.

a redución alarmante dos contidos humanísticos, convertindo a reivindicación dos mesmos nunha sorte de excentricidade por parte das traballadoras e traballadores do ensino público (quen precisa de pensar?).

as ratios por riba do legalmente establecido, especialmente en centros das provincias da Coruña e Pontevedra, que inflúen moi negativamente no alumnado pero tamén no labor docente das traballadoras e traballadores.

Pero non só iso, tamén:

a pésima xestión das interinidades e substitucións, alterando o normal desenvolvemento da dinámica de funcionamento dos centros en momentos tan delicados para a organización dos mesmos coma o inicio do curso.

a deriva da xestión dos comedores escolares, moitos deles nas mans de empresas privadas radicadas a centos de quilómetros do país e tamén un pouco efectivo funcionamento das listaxes de substitucións naqueles de control público, provocando alteracións e atrasos no comezo da súa actividade. Un bo exemplo, entre moitos outros, que o alumnado do CPI Uxío Novoneyra, en Pedrafita, sexa alimentado (mal e a destempo) por unha empresa radicada en Salamanca ou o alarmante caso do comedor do CPI da Cañiza, sen funcionar e invadido polas ratas.

obras inacabadas e deficiencias estruturais nos centros.

a non substitución das persoas auxiliares de conversa en centros onde é a única dotación que reciben as seccións bilingües.

Para o STEG sería imperdoábel que na actual conxuntura económica e política non se abordasen estas reivindicacións que son de xustiza para o profesorado e que inciden, tanto directa como indirectamente, na calidade do servizo educativo público. É por iso que nos estamos dirixindo aos diferentes grupos políticos da oposición trasladando estas demandas xunto coa reivindicación, como non podía ser doutro xeito, da derogación da LOMCE, que non pode continuar consolidándose na súa aplicación durante un curso máis.

O curso 2017-18 tamén será un ano marcado pola intención do Goberno central, plasmada no artigo 19 dos Orzamentos Xerais do Estado, de convocar en sucesivas ofertas de emprego público ata un 90% das vacantes consolidadas durante os tres anos consecutivos anteriores ao 31 de decembro de 2016. Estamos, pois, ante a hipotética posibilidade de importantes ofertas de emprego público docente coas que a Administración pretende diminuír de forma drástica unhas taxas de interinidade que se desbordaron nos últimos anos, e que nalgúns territorios (con taxas moi por encima do 30%) convertéronse nun problema para o sistema.

Agora ben, estas posibles ofertas teñen que vir acompañadas inexcusablemente por unha negociación da situación do persoal interino e por uns cambios, polo menos transitorios, no actual sistema de acceso. Dende o STEG e dende a Confederación de STEs-i non imos consentir baixo ningún concepto que o problema das taxas de interinidade se resolva pola vía da expulsión do sistema dos actuais interinos e interinas; nin é tolerábel dende o punto de vista laboral, nin sería razoábel que o sistema educativo prescindise deste capital humano despois de anos de traballo, de formación e de experiencia acumulada que agora non se pode desaproveitar.

3. queiman galiza

Os lumes volveron asolagar Galiza no pasado mes de Outubro. Máis dun cento de incendios forestais nas catro provincias, con especial incidencia nas do sur, na área metropolitana e nas parroquias da propia cidade de Vigo; no Courel, no Xurés, nos Ancares, en Chandrexa, en Rebordechau, en Vilariño, en Pantón, en Carballedo, en Melón, en Xinzo, en Pazos de Borbén, en Soutomaior, en Redondela, nas Neves, na Cañiza, en Covelo, en Ponteareas, en Salvaterra, en Baiona, en Morgadáns, en Vincios, no Galiñeiro, en Chandebrito, en Valadares, na Madroa... O lume chegou ás aldeas e ás casas, sobrepasou as estradas principais (incluídas a VG-20, A-52 e AG-57) e ás vías do ferrocarril provocando o horror da veciñanza e da xente que viaxaba en automóbil regresando da “ponte”.

O STEG quiere trasladar o seu máis sentido pésame ás familias das vítimas mortais dos incendios e a toda aquela xente que, dun ou doutro xeito, se viu afectada polos mesmos.

Dende o STEG pensamos que os incendios son froito da intervención consciente e premeditada das persoas, ben por acción, ben por omisión. As políticas de ordenación, conservación e explotación do monte, onde se potenciou a expansión do eucalipto e outras especies pirófitas, a ausencia de políticas agrogandeiras (para fixar a poboación no mundo rural) ou os efectos cada vez máis intensos da privatización da poderosa industria vinculada á extinción dos lumes, gardan unha estreita relación coa traxedia que estamos a vivir. Se cando se escribiron estas liñas tocaba solidarizármolos coa cidadanía, hoxe hai que esixir explicacións a quen as ten que dar, pois isto ten unha responsabilidade política.

4. a presión realizada polo ies as mariñas e o steg obrigou a rectificar á consellería na decisión de reducir 3 docentes no centro

A Consellaría rectificou a súa decisión inicial de suprimir ao comezo do presente curso 3 prazas docentes no IES As Mariñas de Betanzos, logo de que o STEG esixira, a través da Xefatura Territorial da Coruña e da Dirección Xeral de Recursos Humanos que dése marcha atrás na súa decisión, pois a mesma conlevaba un serio perxuízo á actividade docente do centro, empeorando notablemente a calidade do ensino público.

5. a consellaría de educación incumpre unha sentenza xudicial por enfermidade grave dun fillo

O STEG denunciou a comezos de curso que a consellaría de Educación da Xunta de Galicia, a través da Xefatura Territorial de Lugo, está a incumprir unha sentenza xudicial de 2015 do Xulgado Contencioso- Administrativo nº 1 de Lugo, ao denegarlle a unha docente a prórroga dunha redución de xornada por enfermidade grave dun fillo.

A sentenza, motivada por un recurso de alzada da interesada e dos servizos xurídicos do STEG, significou no seu momento un avance importante no recoñecemento dos dereitos das traballadoras e traballadores do ensino público, desautorizando a interpretación restritiva do artigo 49 apartado e) do Estatuto Básico do Empregado Público, que no seu día fixera a Consellaría para denegar a concesión desta redución.

Os servizos xurídicos do STEG xa están a traballar no caso, no camiño de garantir que a Consellaría de Educación cumpra o que no seu día ditaminou o xuíz, e considera unha ofensa aos dereitos das traballadoras e traballadores do ensino público este tipo de actuacións, que veñen a pór de manifesto, non só a escasa consideración do actual goberno da Xunta polos dereitos laborais, senón a falta de respecto polas decisións xudiciais, empobrecendo con estas actuacións a calidade do ensino público.

6. propostas de resolución presentadas polo steg nas xuntas de persoal docente provinciais

A continuación, reproducimos o texto de varias das propostas de resolución presentadas e defendidas por STEG nos Plenos das Xuntas de Persoal Docente provinciais.

6.1. en demanda da supresión do ensino doutrinal da(s) relixión(s) como materia(s) do currículo escolar

A Escola, na mesma medida en que o Estado e o conxunto das súas institucións –garantes da igualdade de toda a cidadanía con independencia da súa raza, crenza, ideoloxía ou opción sexual–, debe aparecer como nitidamente aconfesional e laica.

De por parte: a) A igualdade de dereitos e de trato de todas as meniñas e meniños esixe a non discriminación ou segregación no ámbito escolar por razóns de ideoloxías ou crenzas. Diferenciación que si acontece cando parte do alumnado acode ás aulas de relixión; b) Os fins e funcións específicas da Escola son a instrución nos saberes comúns fundamentais (científicos e humanísticos) para o desenvolvemento de toda a cidadanía e a formación nos valores compartidos para a convivencia democrática. En ningún caso nas crenzas particulares de cada quen, que deben quedar circunscritas á esfera do privado; c) A educación, como dereito das crianzas, debe respectar a súa liberdade de conciencia en formación, por tanto, debe excluír tamén do eido escolar o adoutrramento confesional.

A laicidade do Estado e as súas institucións NON é algo que poida quedar suxeito ao criterio ou discreción dun goberno circunstancial, senón que forma parte fundamental do concepto mesmo de democracia, do espazo político común de dereitos e deberes dirixido a preservar a liberdade e igualdade da cidadanía, razón de ser de todo Estado Democrático e de Dereito.

Así, é o Estado na súa integridade o que debe ser laico –por respecto ao principio universal da liberdade de conciencia–, e é toda a Escola, como institución para a educación de toda a cidadanía, a que está obrigada a respectar, na súa natureza e funcionamento, todos os dereitos democráticos –incluído o de liberdade de conciencia e o seu específico de formar para a liberdade de conciencia (igualmente, principios universais)–, promovendo o coñecemento empírico da realidade a través da racionalidade e da experiencia e evitando a discriminación de xénero ou contra a diversidade sexual (moi presente, por contra, na doutrina católica que o Goberno do Estado e a Xunta non teñen reparo en promover).

En base a estes fundamentos de razón común e carácter universal, concluímos que O ENSINO LAICO NON é unha opción entre outras: O ENSINO LAICO é a condición de posibilidade innegociable sobre a que se ha de asentir o sistema educativo propio dunha sociedade libre, avanzada, aberta, igualitaria, fraterna e respectuosa coa diversidade.

Por todo o exposto, o Pleno da Xunta de Persoal Docente ESIXE da Consellería de Cultura, Educación e O.U. que tome a iniciativa de instar ao goberno do Estado para que elimine a relixión como materia do ensino e favoreza á súa desaparición definitiva do currículo escolar.

6.2. en demanda de que as prazas de orientación educativa sexan adxudicadas sen materias afíns

A tendencia que, xa hai anos, se vén impondo dende a Consellaría de asignar arbitrariamente materias “afíns” ao profesorado, particularmente a aquel ao que se lle adxudica praza de ORIENTACIÓN EDUCATIVA, ocasiona que a calidade do ensino público se vexa deteriorada e priva ao alumnado e ás familias dunha atención en condicións óptimas, nun eido que resulta fundamental.

Por outra banda, pero no mesmo sentido de mingua da calidade do ensino, provoca que o alumnado non dispoña nesas materias afíns de profesorado especialista e rebaixa as condicións de traballo do persoal educativo que se ve abocado, en moitos casos, a impartir materias para as que non dispón da formación axeitada.

Unha das funcións da inspección educativa debe ser a de garantir que a oferta deste tipo de prazas se axuste, na medida do posíbel, ás necesidades reais do alumnado e á formación do profesorado a quen se lle adxudica –especialmente na atención á diversidade, elemento clave para reforzar o papel compensador e corrector das desigualdades sociais–. A tal fin, deberíase actuar en coordinación cos centros e evitar a oferta de prazas cun variado abano de materias afíns, circunstancia que repercute negativamente na calidade do servizo educativo que se dispensa ao alumnado e que damnfica de xeito salientable a Orientación Educativa escolar.

Por todo o exposto, o Pleno da Xunta de Persoal Docente ESIXE da Consellería de Cultura, Educación e O.U. que proceda a corrixir esta situación, actuando en cada un dos niveis para os que é competente, no camiño de mellorar a situación actual do ensino público, e resolva que as prazas de Orientación Educativa sexan adxudicadas sen materias afíns.

6.3. sobre criterios a aplicar nas ratios de alumnado

En cursos anteriores foi práctica sistemática da Consellaría de Educación e das Xefaturas Territoriais non computar o alumnado obrigado a repetir curso nas ratios máximas por aula á hora de configurar os grupos en cada centro e, en consecuencia, á hora de determinar tamén as necesidades de profesorado.

Acontece, porén, que non hai ningunha previsión legal que ampare modificacións das ratios establecidas na L.O.E. e no R. D. 132/2010, con excepción das previstas nas propias normas sinaladas (véxase artigo 87 da L.O.E.) e que contemplan



unicamente a superación da ratio máxima por cuestións de “excepcionalidade” vinculadas a situacións sobrevidas e urxentes que afecten ao dereito de escolarización dos menores.

Igualmente, existe unha Sentenza da Sala 3ª Sección 4ª do Tribunal Supremo, de data 30 de marzo de 2012, segundo a cal, citamos literalmente, “no es posible el aumento judicial de la ratio para Educación Primaria en los centros escolares sostenidos con fondos públicos por encima del límite fijado por el artículo 157.1 a) de la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación, con fundamento en el derecho a la libre elección de centro escolar ni en el derecho de los padres a que los hijos reciban la educación moral y religiosa que esté acorde a sus propias convicciones”.

O elemento que modula en materia de ratios as máximas establecidas na L.O.E. e no R.D. 132/201 son as disposicións previstas a ese efecto no Art. 87 da propia Lei Orgánica 2/2006 de Educación, cuxo apartado 2º recolle a posibilidade de **diminuír** as ratios para garantir o dereito á educación do alumnado con necesidades educativas específicas e autoriza un **incremento máximo dun 10% do número máximo** de alumnos/as por aula para “atender necesidades inmediatas de escolarización del alumnado de incorporación tardía, bien por necesidades que vengan motivadas por traslado

de la unidad familiar en período de escolarización extraordinaria, debido a la movilidad forzosa de cualquiera de los padres, madres o tutores legales, o debido al inicio de una medida de acogimiento familiar en el alumno o la alumna.”

En definitiva, fica moi claro que **non hai sustento legal ningún que avale a práctica de non computar o alumnado obrigado a repetir curso no número máximo de alumnado por aula** e que, conforme á lei e para contribuír ademais á mellora da calidade educativa tantas veces invocada, **ese alumnado debe ser computado DENTRO das ratios máximas establecidas.**

Por todo isto, a Xunta de Persoal Docente insta á Consellería e ás Xefaturas Territoriais a que se cumpran as ratios máximas de alumnado establecidas na lexislación vixente (25 alumnas/os en Educación Infantil e Primaria, 30 en Educación Secundaria Obligatoria e 33 en Bacharelato); a que o alumnado obrigado a repetir curso se contabilice a efectos de ratio de igual xeito que o resto do alumnado e que esta práctica conforme á lei teña efectos inmediatos, a fin de que sexa de aplicación no próximo curso 2017/18 a respecto do número de unidades en cada un dos centros escolares e do cómputo de vacantes de profesorado para o Concurso de Adxudicación de Destinos Provisionais (CADP) próximo a se convocar.

6.4. denunciando a aposta da consellaría polo inglés, mentres deixa de lado o galego

En datas recentes a Consellaría anunciou aos catro ventos que vai realizar un investimento de 70 millóns para o fomento do trilingüismo na educación. Esta noticia, que pode ser dixerida polos medios de comunicación da ideoloxía dominante como unha mostra do compromiso da Xunta coa mellora da educación, encerra e oculta, no entanto, unha serie de elementos moi perturbadores que cómpre denunciar:

1. Este investimento é maior ca o de normalización lingüística nos últimos SETE anos, que, por outra banda, descendeu en máis do 70%, contravindo en todo punto a Carta Europea das linguas rexionais e minoritarias.

2. Por primeira vez na historia, o número de galegofalantes baixou do 50% da poboación, dato que para a Consellaría semella algo inevitábel (coma os temporais de neve ou os incendios de verán cando sopra nordés) e, con esta actitude de desleixo pola nosa lingua, proxecta a idea dun “equilibrio lingüístico” entre as linguas cooficiais que non existe na realidade e dun compromiso co afondamento no plurilingüismo que viría dado, coma unha necesidade derivada da nosa integración na realidade social europea, nun contexto de globalización e de mobilidade laboral.




3. Cada vez máis persoas da comunidade educativa denuncian o modelo de plurilingüismo que se aplica no Estado español, e que ten como consecuencia que o alumnado non só non adquire unha competencia suficiente na lingua estranxeira, senón que diminúe a adquisición de competencias nas materias impartidas nesta lingua.

4. O goberno da Xunta ampárase nun Decreto de Plurilingüismo que non ten solvencia científica, ben ao contrario (polo menos en termos de pedagogía e sociolingüística) ten un carácter marcadamente regresivo e **renuncia a obxectivos normalizadores**. Dende a súa promulgación, puxéronse límites ao galego, a lingua en risco de desaparición, por mor do equilibrio lingüístico (máx. 50% e tendencia ao 33%); igualmente, afástase o galego do ámbito científico-tecnolóxico, quedando en Educación Infantil a cuestión lingüística suxeita á lingua materna predominante na aula baixo a determinación das familias.

5. A Consellaría mantén unha errada concepción do plurilingüismo, que supón equiparar situacións desiguais das linguas no tocante ao coñecemento e o uso, así como no seu recoñecemento social para, na **práctica, favorecer a desaparición da lingua minorizada, é dicir, o galego**, asimilando o carácter de plurilingüe á aprendizaxe do inglés, prescindindo tamén da concepción ecolóxica das linguas que debe presidir calquera proceso de normalización dunha lingua, isto é, partindo da lingua minorizada como lingua vehicular do mesmo.

Por todo o exposto, o Pleno da Xunta de Persoal Docente ESIXE da Consellaría de Cultura, Educación e O.U. a derogación do Decreto de Plurilingüismo e a elaboración dun novo que teña como obxectivo prioritario o fomento do idioma galego, co albo de conseguir a súa plena normalización no noso sistema educativo.



7. a consellería da un paso máis no desprezo do galego

O pasado venres 27 de outubro a Consellaría de Educación publicou na súa web a Orde que regulará o Concurso Xeral de Traslados do presente curso, e nel se certifica o papel desta administración coma verdadeira enterradora da nosa lingua.

Coa excusa de que coa diferenza de baremación non se vexan prexudicadas as persoas de fóra do noso territorio, esta convocatoria, que debería ser de ámbito autonómico, ábrese a que participe o persoal docente do resto do estado. Non chega con que reiteradamente as vacantes que saen un concurso o sexan en cantidades irrisorias, non chega con que exista un colectivo de docentes que levan ata 10 anos en expectativa de destino,

senón que cando se convoca un CXT que debería ser exclusivo para o persoal con destino en Galiza tamén hai que competir polas vacantes con persoas que non teñen o seu destino aquí.

Pero o que no STEG nos parece un auténtico escándalo é que só se vai esixir a acreditación do coñecemento da lingua galega ás persoas que queiran acceder a prazas nas especialidades de Educación Infantil, Educación Primaria e Ciencias Sociais na etapa de infantil e primaria, e nas especialidades de Bioloxía e Xeoloxía e Xeografía e Historia na etapa de secundaria. Isto é, cumpren o mínimo do Decreto de Plurilingüismo e semella que aínda temos que dar as grazas.

No STEG denunciámos que a Consellaría está a facer trampas ao solitario, xa que tanto na Lei do Emprego Público de Galiza coma nas diferentes convocatorias de emprego público para o persoal docente se esixe que para ingresar á función pública docente en calquera dos seus corpos e especialidades é indispensable a acreditación do coñecemento do galego. Tamén se recolle nas ordes que regulan os horarios do profesorado que, sexa cal sexa a súa especialidade, o persoal docente pode completar horario impartindo materias para as que a propia Consellaría reconece a necesidade do requisito lingüístico nesta orde de CXT.

Dende o STEG imos seguir loitando pola dignificación da lingua galega no eido do ensino público, e seguiremos esixindo á Consellaría que cumpra o seu deber de protexer e difundir o uso da nosa lingua, polo que reclamamos:

- Que o CXT que se vai publicar no D.O.G. do 6 de novembro esixa a acreditación do coñecemento da lingua galega para todas as persoas que soliciten unha vacante en Galiza
- Que a Consellaría inicie dunha vez un procedemento para solucionar as discrepancias de baremación entre o noso territorio e o resto do estado.



A campaña que desde abril de 2017 veu despregando un amplo grupo de docentes galegos para que, mediante unha Iniciativa Lexislativa Popular, se lle devolvese á Filosofía un estatus relevante como materia troncal e obrigatoria no 2º de Bacharelato e aínda noutros cursos contemplados na LOMCE culminou o pasado mércores, día 18 de outubro, cunha votación unánime no Parlamento galego. No texto aprobado sinálase que

O Parlamento de Galicia insta á Consellaría de Educación a: 1.- No marco das súas competencias realizar as adaptacións necesarias para incluír na oferta educativa do Bacharelato a obrigatoriedade da Historia da Filosofía como materia troncal. 2.- Instar ao Ministerio de Educación do Goberno do Estado a propiciar nos traballos do denominado Pacto educativo un debate en profundidade sobre a situación da Filosofía no sistema educativo e a necesidade da súa pervivencia.

É, curiosamente, a primeira vez que prospera na Cámara galega unha ILP.

Atrás queda un esforzo admirábel de creación de chíos no twitter con hastags como **#FilosofíaSI** e **#ChíapolaFilosofía** e de edición de vídeos baixo o rótulo de Voces pola Filosofía en Galiza, nos que participaron figuras como o editor e escritor Francisco Castro, o dúo teatral Mofa e Befá, o actor Ernesto Chao, os divulgadores científicos Jorge Mira e Xurxo Mariño, a cantautora Sés, os escritores Sechu Sende, Inma López Silva e Teresa Moure, etc.

Tamén conta no seu haber esta campaña a difusión de textos filosóficos en toda clase de soportes, a propia recollida de máis de 8.200 sinaturas para darlle corpo cívico á ILP e outras moitas accións encamiñadas a publicitar e argumentar unha demanda tan oportuna como conveniente.

Unha das activistas da plataforma, a ex deputada Carme Adán, aclarou que “non entramos no tema de cantas horas debe dedicar a programación á Filosofía. Iso compete á administración, pero si queremos introducir no debate a cuestión de que importante é que haxa no ensino materias para pensar e reflexionar”.

Desde STEG parabenizamos moi sinceramente a plataforma **#FilosofíaSi** por este éxito colectivo e facemos votos para que a resolución aprobada ache pronto cumprimento por parte das autoridades educativas. Nese sentido, na medida en que nos corresponda como organización presente en diversos órganos de representación das traballadoras e traballadores do ensino, contribuiremos para que así sexa.

tentando aforrar mediante contratación centralizada: o caso do gasóleo no instituto da pontenova

Sabela Núñez Singala

Secretaria desde 2012 a 2017 no IES Enrique Muruais,
A Pontenova (Lugo)

Ás veces vivimos situacións que nos resultan incomprensibles. Eu teño o costume, cando me vexo nese caso, de poñelo por escrito coa fin de poder analízalo exhaustivamente ata chegar á súa comprensión. Nalgunhas ocasións consígoo.

Como seguramente sabedes, desde o inicio do pasado curso 2016-17 a contratación do subministro de gasóleo para os centros educativos debe facerse seguindo un protocolo que estableceu a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en base a un acordo marco de contratación centralizada. Así, cada centro educativo debe ter opción de solicitar proposta de orzamento ata a tres empresas que están obrigadas a efectuar un desconto mínimo sobre o prezo oficial semanal publicado no Boletín Oficial do Petróleo da Comunidade Europea.

O instituto da Pontenova conta cunha única empresa adxudicataria. En xaneiro deste ano, como Secretaria, solicitei proposta de orzamento a esa empresa que contestou cunha oferta de 0,688€/l unha vez aplicado o desconto antes citado e que ascendía a 0,033€/l. Por curiosidade e coa fin de poder comparar prezos, contactei con outras dúas empresas do sector das cales, sen aplicar ningún tipo de desconto, unha ofertou 0,66€/l mentres que a outra nos deu un prezo de 0,64€/l. Unhas horas máis tarde púxenme de novo en contacto coa empresa adxudicataria sen especificar que o pedido sería para o instituto polo que non cumpría aplicar ningún tipo de desconto. Nese caso, o prezo que nos proporcionou foi de 0,66€/l.

Eu, por máis voltas que lle dou, non son quen de entender que tiveramos que pagar un total de 144,67€ máis que se encargásemos esa mesma cantidade de gasóleo (3.000 litros) a outra empresa do sector cando, teoricamente, o acordo marco asinado obriga á empresa adxudicataria a efectuar un desconto mínimo en cada subministración que se lle encarga.

Calculando que eses 144,67€ podían supoñer a compra dun pequeno lote de libros para a biblioteca do centro ou mesmo o pago do autobús para realizar unha viaxe didáctica co alumnado, decidimos

encargar o combustible á empresa que o ofertou máis barato e comunicámoslle tanto á empresa adxudicataria como á Consellería de Cultura, Educación e O U.

Dous meses despois recibimos resposta da Secretaría Xeral Técnica da Consellería. Catro páxinas en contestación ao noso escrito a través das que, lonxe de felicitarnos pola que considerabamos fora unha boa xestión, incidían na posibilidade de instrución dun procedemento disciplinario por ter cometido unha falta tipificada como grave, *“incumplimento das ordes ou instrucións dos superiores xerárquicos relacionados co servizo ou das obrigas concretas do posto de traballo, así como as negligencias das que se deriven ou poidan derivarse prexuízos graves para o servizo”* coa posibilidade de imposición de diferentes e duras sancións que non procede enumerar.

En breve fará un ano que ocorreron os feitos que aquí relato e, por máis que o penso e por máis que o expoño sobre papel, non son quen de dar creto nin á proposta orzamentaria da empresa adxudicataria da subministración do gasóleo nin, moito menos, ao escrito remitido por parte da Consellería apelando á nosa irresponsabilidade e ameazando con duras medidas sancionadoras. Seguirei tentando comprendelo e continuarei obrando da maneira que considero máis xusta e beneficiosa para a comunidade educativa do instituto, en particular, e para a sociedade en xeral.



contra a violencia institucional, xustiza para todas

Asemblea de Mulleres do STEG

Organización de Mulleres da Confederación Intersindical

“No que vai de ano 2017 van **46 mulleres** asasinadas polas súas parellas ou exparellas, e en moitos casos **non houbo denuncias previas**”.

Imos analizar esta afirmación. Cando dende os medios se insiste en que non se puxeron denuncias previas, quérese dicir que a muller non sufrira violencia ata ese momento? Seica este feito lávanos a conciencia e fai que nos sintamos menos culpables da indefensión que sofren as mulleres vítimas de violencia de xénero?

Diante do repunte dos asasinatos de mulleres **créanse comisións para determinar as causas destes asasinatos**.

De verdade necesitamos crear comisións para analizar e determinar por que os homes asasinan as mulleres que son ou foron as súas compañeiras? Non é necesario facer sisudos estudos para entender que a orixe destes asasinatos está no patriarcado e no concepto de posesión que moitos homes teñen das mulleres.

Imos un pouco máis aló: pretendemos que mulleres que viven nunha contorna de violencia denuncien o seu maltratador cando este feito vai supoñer deixar en mans desta persoa ás súas fillas e fillos?

Tendo en conta que, no que vai de ano, **foron asasinados polos seus pais, durante o réxime de visitas imposto polos tribunais, 11 nenas e nenos**, podemos preguntarnos que nai vai separarse da súa parella se sabe que iso pode supoñer deixar ás súas criaturas en mans dun maltratador. Moitas mulleres coñecen ameazas repetidas en moitos casos ao longo de anos de sufrimento. Falamos de advertencias do tipo: “Como me deixes, non volverás ver os teus fillos e fillas”.

O Goberno, e colateralmente a Xustiza, non establece as medidas necesarias para darlles protección. Cando mulleres como María, Juana, Susana... e moitas máis deron un paso á fronte abandonando o seu maltratador, atoparon no entanto **un Poder Xudicial que non cumpriu coa lexislación vixente**. Non esquezamos que non son as mulleres quen incumpren as leis, senón que o fan eses xuíces e xuízas que non teñen en conta a Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero.

Dous artigos da mesma, o 65 (*Das medidas de suspensión da patria potestade ou a custodia de menores*) e o 66 (*Da medida de suspensión do réxime de visitas, estancia, relación ou comunicación*

cos menores) ditaminan a supresión da patria potestade, a custodia ou a supresión do réxime de visitas e neles recóllese textualmente que o xuíz ou xuíza “adoptará as medidas necesarias para garantir a seguridade, integridade e recuperación dos menores e da muller, e realizará un seguimento periódico da súa evolución”... **As mulleres rebélanse ante sentenzas contrarias á lei**, pois, que nai quere deixar voluntariamente as súas criaturas en mans dun maltratador?

Fai falla formación específica e unha especial sensibilización sobre o tema para todas as persoas que teñen que traballar con mulleres que sofren violencia machista, non só no Poder Xudicial (xudicatura, fiscalía, avogacía...) senón tamén entre as traballadoras sociais e persoal médico, os corpos de seguridade e todas as persoas concernidas na aplicación de medidas integrais contra a violencia cara ás mulleres. **Porque é fundamental que as mulleres se sintan protexidas e cómodas**.


Aprobouse o **Pacto de Estado Contra a Violencia de Xénero**, pero a pesar da alegría inicial das asociacións feministas, non deixa de ser un “consenso de mínimos” e, aínda que houbo unanimidade entre todos os grupos parlamentarios, este documento ten máis de informe que de pacto. Hai aínda moitos interrogantes sobre cuestións fundamentais que quedaron fóra.

Esperamos que o citado Pacto non quede en mera declaración de intencións e que no seguimento do mesmo non se deixe fóra ás organizacións de mulleres e feministas. Esperamos tamén que as partidas orzamentarias sexan suficientes e que se inclúan todos os supostos de violencia machistas contemplados no Convenio de Istambul. **Falta que a erradicación das violencias contra as mulleres sexa prioritaria nas axendas políticas. Só así será posible a súa eliminación**.

É, xa que logo, **o propio Estado e as súas institucións quen está a fallar na prevención e erradicación da violencia contra as mulleres, non as propias mulleres**.

POR TODO ISTO,

CONTRA A VIOLENCIA INSTITUCIONAL, XUSTIZA PARA TODAS.



entre lei e pacto, seguen a asasinarnos

Macu Gimeno Mengual
Intersindical Valenciana
macugimeno@intersindical.org
@macugimeno

aulas libres

13

Ilustración realizada a partir de un mural contra la violencia machista, encontrado en La Palma

É difícil - por non dicir imposible - escribir sobre calquera tema relacionado coa igualdade de xénero e non facer mención das violencias machistas que temos que soportar as mulleres por iso, por selo. Tan difícil como falar destas violencias sen pensar nos feminicidios, nas violacións, na escravitude das mulleres prostituídas. E nas nais asasinadas polos seus fillos. Só por citarmos algunhas delas. Nesta orde de cousas, escribir dun reclamado Pacto de Estado que practicamente se limita á violencia nas relacións de parella dáme moita preguiza.

Se coa aprobación da *Lei Integral Contra a Violencia de Xénero* púxose no espazo público a violencia sufrida polas mulleres na intimidade dos seus fogares, onde os seus homes eran donos e señores das súas vidas, hoxe -13 anos máis tarde e cunha media de setenta mulleres asasinadas cada ano - ve a luz o primeiro pacto estatal contra a violencia de xénero. Un pacto onde as organizacións de mulleres e feministas non estiveron representadas, nin está prevista a súa presenza na comisión de seguimento do mesmo. Sen enfoque feminista, o pacto adoece do máis importante.

Ratificado unanimemente polo Senado en setembro, articulado en 10 eixos de actuación con diferentes propostas, o *Pacto de Estado Contra a Violencia de Xénero* non é senón un “*consenso de mínimos*”. Non vou negar que a súa aprobación púxonos de parabéns. Polo menos houbo unanimidade neste documento que ten máis de informe que de pacto. Pero quedan moitos interrogantes sobre cuestións claves que quedaron fóra. Como a inclusión doutras formas de violencia machista fóra do ámbito da parella ou a consideración como vítimas das nais a quen o maltratador asasinou as súas criaturas. Moitas imprecisións e poucos compromisos e orzamento. E todos os interrogantes sobre a forma de implementar as medidas propostas ou o prazo para iso.

Seguindo a estrutura do pacto segundo os eixos de actuación, aí vai o meu resumo:

Sensibilización e prevención

Este primeiro eixo non é senón un recordatorio do que vén establecido na LIVG e que segue sen ser desenvolvido, poñendo de novo sobre o tapete a necesidade de actuar desde a educación. Recoñécese a ineficacia de campañas actuais e propóñense sancións a clubs deportivos que permitan apoloxía de violencia de xénero ou selos identificativos, que xa demostraron a súa ineficacia.

Mellora da resposta institucional

A máis significativa das propostas deste eixo é a modificación da Lei 27/2013 de racionalización e sustentabilidade da Administración Local para devolverlle as competencias aos concellos en materia de igualdade e violencia, competencias que non se lles debiera ter arrebatado. Tamén se fala de modificar a LIVG para ampliar as formas de acreditación da condición de vítima para acceder ao estatuto integral de protección. É importante, pero hai que lembrar que algunhas autonomías xa contan con esta ampliación. Fálase da necesidade de asimilar o concepto e medidas de violencias consignadas no Convenio de Istambul, pero deixa fóra outras formas de violencia como a prostitución - orixe da explotación sexual e a trata - e a aplicación a menores.

Importante tamén é a supresión da atenuante por confesión ou perfeccionar a tipificación de delitos no ámbito dixital, así como o tratamento de injurias e calumnias en redes. Tamén a recomendación de excluír a relevancia do consentimento da vítima na valoración, o maior control na concesión de licenzas de armas ou o reforzo da especialización nos xulgados. E máis revisións de plans, compromisos, estudos e protocolos. Levamos anos falando do mesmo.

Perfeccionar a asistencia, axuda e protección ás vítimas

Paréceme importante destacar a proposta de habilitación de instalacións amigables onde poder atender ás fillas e fillos das mulleres en situación de malos tratos ou o prazo de dous anos para establecer as Unidades de Valoración Forense Integral (é increíble que non estean a funcionar xa), o plan de acompañamento ou a inclusión das criaturas na valoración. Tamén a proposta de estudo do sistema de renda activa de inserción para substituíla por seis meses de subsidio de desemprego, ampliable por semestres prorrogables, con cargo aos Orzamentos Xerais do Estado.

Outras propostas falan de potenciar un plan de inserción socio-laboral, incrementar a atención das vítimas en zonas rurais, adaptar a información para garantir o acceso á mesma das mulleres con diversidade funcional e máis protocolos, formación especializada e equipos multidisciplinares en sanidade. Máis do mesmo, medidas das que vimos falando desde hai anos e sempre estamos no mesmo punto porque non se implementan.

En canto á asistencia e protección de menores e a adopción de medidas para non dar a custodia compartida ou o réxime de visitas en casos de violencia de xénero, de pouco lle serviu aos fillos de Juana Rivas, entregados ao maltratador pola xustiza. Na ratificación do pacto no Senado incorporouse ao texto unha proposta para outorgar protección ás vítimas incursas en situacións de substracción internacional de menores e cuxa orixe sexa unha situación de violencia de xénero. Mágoa que a tantas Juanas a medida lles chegue tarde.

Fálase tamén de estudos sobre a situación de menores respecto de custodia, visitas e relacións co pai maltratador. Non se fai mención ningunha da Síndrome de Alienación Parental e do uso dela nos xulgados.

Impulso á formación para mellorar as respostas

Este eixo fala de implicar a profesionais das farmacias para informar sobre violencia de xénero, da formación de profesionais de medios de comunicación e a ampliación desta ao persoal de xudicatura e forzas de seguridade en prevención da violencia de xénero e da trata, de violencia a mulleres transexuais e transxénero. Nestes dous últimos casos, en colaboración con entidades que loitan polos dereitos destas mulleres. Esta colaboración non se establece coas organizacións de mulleres ou feministas noutros casos ao falar de formación.

Seguimento estatístico

O documento fala de establecer a obriga legal de obter e prestar datos estatísticos, incluíndo tramos de idade, diversidade, número de menores vítimas, indicadores de inspeccións educativas, estudos sobre violencia sexual e efecto acumulación de asasinatos. Un reconto de datos onde as vítimas son só cifras e nada se sabe da súa vida nin do calvario que tiveron que soportar, sobre o apoio ou a desprotección que atopou por parte de institucións.

Recomendacións a CC.AA., Entidades Locais e outras institucións

Entre outras, propónse instar o goberno central para realizar un pacto na Unión Europea sobre medios de comunicación, de mellorar os recursos nas Comunidades Autónomas ou de suxerir ao Consello Xeral do Poder Xudicial a avaliación da formación do persoal de xudicatura. Esta avaliación é imprescindible, dados os casos de In-Xustiza patriarcal que vemos a diario.

Visualización e atención a outras formas de violencia contra a muller.

Fálase só de violencia sexual e de introducir módulos formativos en empresas e administracións públicas, do deseño de programas de prevención, campañas e protocolos e estudos. Respecto á trata, quere impulsar a Lei Integral e modificar a Lei de Protección de testemuñas para mellorar a protección das vítimas. Insuficiente tratamento desta escravitude dada a magnitude da barbarie e o aumento alarmante da prostitución no Estado.

Compromiso económico

O compromiso económico para cinco anos é de 1.000 millóns de euros, 200 con carácter anual. A repartición é de 80 para a Administración central, 20 para os 8.000 Concellos aos que se lles devolven as competencias en igualdade e violencia de xénero - pouca cantidade para tantos concellos - e 100 para as autonomías, que irán destinados a programas de loita contra a violencia de xénero. Non sabemos como vai ser a repartición, porque se se trata de facelo segundo o sistema actual de financiamento ás autonomías, seguirase perpetuando a repartición desigual e xerando vítimas de primeira e de segunda. Falta detallar partidas, obxectivos, medidas ou órgano xestor. Moitas imprecisións sobre un orzamento que parece insuficiente e que comparado cos gastos diversos de Ministerios, para imprevistos e funcións, é ridículo, xa que supón un 10% do orzamento asignado para este programa, segundo denunciaba EU.

Chegadas a este punto, que esperamos do Pacto? Esperamos que a composición da comisión de seguimento inclúa a organizacións de mulleres e feministas. Que se fixen obxectivos e datas. Que se amplíen os supostos de violencias machistas a todas as formas que contempla o Convenio de Istambul. Partidas orzamentarias suficientes e blindadas. Que se converta nun verdadeiro compromiso para todas as partes. Só podemos confiar en empezar a actuar cando a erradicación das violencias contra as mulleres sexa o primeiro punto na axenda política. Vaites, o que sempre entendín como cuestión de estado. Pactos, os que queiran, pero non poden ir sós.

situación en saúde laboral nas mulleres hoxe en día

Francisca López García
Confederación STEs

A desigualdade entre homes e mulleres é un feito constatado que persiste na actualidade e evidénciase en múltiples caras da convivencia, afectando tanto ao espazo público como ao privado e que se arraiga na estrutura patriarcal que sustenta a nosa sociedade. Así pois, o ámbito laboral non permanece alieo a esta desigualdade. Se indagamos nas súas raíces históricas atopamos un importante consenso arredor de 2 causas que á súa vez están intimamente interrelacionadas.

1. A **división sexual do traballo**, que establece o binomio de traballo doméstico, circunscrito ao ámbito privado, atribuído ás mulleres, fronte ao traballo remunerado, delimitado ao ámbito público e outorgado aos homes. Este binomio histórico orixina a segunda causa:

2. A **socialización da relación sexo-xénero**, que provoca unha dupla segregación no ámbito laboral, unha segregación horizontal que desenvolve sectores feminizados /masculinizados, e unha segregación vertical que reporta a prevalencia de homes en cargos de poder, fronte aos postos ocupados por mulleres.

Estes dous fenómenos teñen unha incidencia directa na saúde laboral das mulleres, xa que por unha banda é evidente a súa **escasa representación sindical** e participación en órganos de consulta e prevención en riscos laborais e por outra maniféstase nunha **normativa de saúde laboral bastante aliea á perspectiva sexo/xénero**.

Partindo da importancia que a normativa supón na resolución dos problemas en calquera ámbito, en tanto que os dota de consideración e fundamentación e, polo tanto, abre o camiño ao establecemento de medidas, a normativa coa que contamos tanto a nivel internacional como español é un dos elementos que deben revisarse para emendar a discriminación das mulleres en saúde laboral.

Esta foi evolucionando, pasando dunha **regulación discriminatoria** (*Lei do 24 de xullo, 1873*, primeira norma de regulación do traballo dos menores e mulleres, e *Decreto do 26 de xullo de 1957 sobre Industrias e Traballlos prohibidos a mulleres e menores por perigosos e insalubres*), ata a que nos regula na actualidade, caracterizada por un **enfoque neutro** (Dir. Marco 89/391/CCE, Dir 2002/73 CEE, LPRL).

Isto último resulta, se cabe, máis alarmante, en tanto que baixo o aspecto de neutra mantén un enfoque androcéntrico, reforza a consideración de homoxeneidade en patoloxías e sintomatoloxías H/M, omite o factor sexo/xénero feminino e como consecuencia establece unha **regulación da saúde laboral que é parcial e heterónoma**, restrinxindo a saúde laboral das mulleres á **faceta reprodutiva** (maternidade, embarazo, lactación). Así pois, esta normativa adoece de carencias fundamentais que repercuten gravemente na saúde laboral das mulleres, en tanto que por unha banda óbvianse **outros** elementos diferenciadores (trastornos menstruais, menopausa, a diferente antropometría, etc.) que repercuten no benestar físico e mental das mulleres e por tanto na súa saúde, e por outra invisibilízanse as circunstancias de orixe social e laboral (riscos psicosociais), ao non considerarse un **problema colectivo** senón individual e da esfera privada. Fundamentalmente invisibilízanse 3 aspectos que afectan prioritariamente na SL das mulleres:

A dupla xornada, a pesar da constatación en numerosos estudos de que produce efectos como tensión, esgotamento, cadros de ansiedade e depresión.

A precariedade no emprego (temporalidade, ausencia de contrato, traballo), que provoca maior exposición a riscos e baixo control de saúde.



A discriminación e posición de desvantaxe histórica da muller **no mercado de traballo** que levan condutas de acoso laboral, moral, sexual, de xénero, discriminación en ámbito laboral.

Segundo o estudo sobre Percepción de Discriminación en España do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, 2013, a discriminación baseada no sistema sexo-xénero é a máis estendida entre a poboación xeral, sendo as mulleres as persoas máis afectadas. Ademais, o elemento sexo-xénero actúa de soporte socio-cultural para outras formas de discriminación, dando lugar á **discriminación múltipla**.

Perante este panorama da saúde laboral das mulleres, desde o ámbito sindical contamos cunha ferramenta transformadora excelente, incorporar a perspectiva de xénero na negociación colectiva. Analicemos, pois, este camiño.

Na actualidade atopámonos con varios problemas na devandita negociación. O primeiro é o tratamento xenérico e a remisión á normativa xeral, que, como dixemos arriba, é neutra, de maneira que o tratamento da saúde laboral das mulleres atopámolo nos convenios ou ben diseminado ao longo de capítulos distintos que tratan outros aspectos (“*prevención de riscos laborais*”, “*seguridade e saúde laboral*”, “*seguridade e hixiene no traballo*”) ou ben, a pesar de constituír capítulos específicos, certos aspectos seguen a ser tratados en capítulos diferentes, fundamentalmente os referentes á protección no embarazo ou a lactación, en “*licenzas e excedencias*”, chegando mesmo a atoparnos nalgúns convenios a regulación dos dereitos sociais xunto ao acoso sexual.

Outro problema co que contamos na negociación é que, a pesar de que a normativa permite atender riscos exclusiva ou maioritariamente femininos dun sector, **a saúde laboral séguese centrando en temas como o embarazo, maternidade e lactación e só nalgúns convenios atopamos recollidos o acoso**, sendo escasa a incorporación de perspectiva de sexo / xénero nos capítulos sobre a seguridade,

saúde e prevención de riscos laborais, de maneira que a ferramenta da negociación colectiva, aínda que moi útil, mostra unha integración do sexo- xénero moi lenta e insuficiente.

Con todo, na última etapa atopámonos con algúns convenios que, modificando os preceptos convencionais, incorporan cláusulas integrantes do que se denomina “**saúde laboral sexual**”, onde se recollen o ditame da Igualdade efectiva da muller traballadora, os riscos psicosociais, os derivados da división sexual do traballo ou os riscos músculo-esqueléticos e tamén os que recoñecen especificidade de certas enfermidades cando o sector está feminizado. O problema é que seguen sendo moi escasos e, ademais, seguen mantendo como materia pendente na negociación colectiva as discriminacións disimuladas, indirectas (*caso de interinas de ensino nalgúns comunidades autónomas en relación á súa contratación e alta na SS*, etc.), ou a consideración en equipos de traballo e equipos de protección individual, etc.

Diante disto facemos unhas propostas para implementar un enfoque preventivo en Saúde Laboral que sexa sensible ao xénero, partindo dun requisito indispensable, a participación de traballadoras e traballadores en todas e cada unha das fases do proceso de prevención de riscos laborais:

Identificación e avaliación de riscos, onde se teñan en conta os riscos laborais en situacións reais, evitando ideas preconcebidas sobre que supón riscos, quen están en situación de risco e que pode ser trivial. Contemplan exposicións a riscos ergonómicos, psicosociais, ademais dos relacionadas coa reprodución. Identificar perigos menos obvios e problemas comúns entre mulleres traballadoras con enfoque para detectar as diferenzas de xénero puntuais (*acoso sexual, discriminación, participación en toma de decisións, conciliación de vida laboral e familiar*).

Revisión e elección da metodoloxía, para que, lonxe da avaliación exclusivamente cuantitativa, se faga unha avaliación cualitativa e participativa, cuestionando a lixeira da carga física e incluíndo aspectos como o traballo emocional.

Implementar a investigación de danos á saúde para que se rexistren todos os aspectos relativos á SL, non só os AT, incluíndo a variable de **xénero e idade, clase social ocupacional**, axente externos como o **núcleo familiar** ou **dedicación do tempo**, facendo tamén unha análise de diferenzas en exposicións e danos por sexo, investigando todos os casos de danos á saúde (lesións por violencia, conciliación, análise de sintomatoloxía diferente, tensión, tempo de recuperación de exposición ao factor...) e prestando atención, por último, a danos ata agora ignorados como os posibles vínculos entre ocupación e trastornos menstruais ou menopausa ou os diferentes efectos de medicinas en home e muller.

Integración da igualdade de xénero e a prevención de riscos laborais, proporcionando **información e formación en igualdade** aos diferentes axentes da seguridade e saúde (xerencia, representantes sindicais, servizo de prevención etc.), garantindo un **enfoque sensible ao xénero** por parte de técnicos de prevención, establecendo **vínculos** entre accións de **igualdade e de seguridade e saúde no traballo** e mellorando horarios de traballo para un mellor equilibrio entre traballo e vida non laboral.



o STEG participa na I Feira Feminista de Outono de Ribadeo

A Asemblea de Mulleres do STEG levou a Ribadeo as diferentes campañas, proxectos e iniciativas feministas desenvolvidas nos últimos anos polo sindicato: a campaña “Espazo Libre de Machismo”, o Calendario de Mulleres do STEG, as actividades do 25N e 8M, a campaña “O nome tamén educa”, etc.

Compartimos con moitos outros colectivos - A Marcha Mundial das Mulleres, a revista *Andaina*, o Sindicato Labrego Galego (SLG, co que compartimos *stand*)..., - o esforzo por visibilizar o traballo que se está a desenvolver en Galiza a prol da igualdade desde o ámbito social, cultural e educativo.

Desde o STEG queremos felicitar ao Observatorio da Mariña pola Igualdade por pular por este espazo de convivencia das organizacións feministas galegas, así como ás demais asociacións e colectivos participantes pola calidade e creatividade das iniciativas presentadas.



calendario tempo de mulleres, mulleres no tempo 2018

O trato discriminatorio que o deporte coma institución dispensa a adestradoras, árbitras, técnicas ou deportistas é maior que en calquera outro ámbito da nosa sociedade, mesmo impensable noutras esferas. Afecta ás deportistas de elite e a nenas en idade escolar. Abrangue desde a utilización do corpo da muller como reclamo sexual - mesmo confundindo a súa valía como deportistas co seu aspecto físico-, a imposición dunha vestimenta “sexy”, ata soldos incomparablemente inferiores... Sen dúbida estamos a falar dun dos ámbitos que máis discrimina ás mulleres.

Desde a Asemblea de Mulleres do STEG dedicamos o noso calendario Tempo de Mulleres, Mulleres no Tempo 2018 ás mulleres no deporte; queremos visibilizar e recoñecer o labor de pioneiras que moitas están a facer: Irene Fernández, Verónica Boquete, Teresa Portela, Edurne Pasabán...

Podedes solicitar o calendario, que conta tamén cunha proposta de actividades didácticas, chamando á sede do STEG que teñades máis perto. Dámolo de balde. Axudádenos a difundilo!

actividades de formación do STEG para o curso 2017/2018

Lois Pérez Díaz

Responsábel da Área de Formación e Comunicación do STEG

O STEG, a través da súa Área de Formación e Comunicación e en colaboración coas demais áreas, asembleas provinciais e boa parte da afiliación, está a desenvolver durante este curso as diferentes actividades que, con carácter xeral, están contempladas na addenda do Convenio asinado no seu día coa Consellería de Educación.

Deste xeito, durante este primeiro trimestre do curso 2017/18 xa tiveron lugar dúas das actividades formativas: o *Obradoiro de rugby na escola* e as *Xornadas de autismo I: comprensión e intervención nas habilidades sociais*, ambas as dúas celebradas en Lugo.

O Obradoiro de rugby na escola tivo lugar nas mañás dos sábados 16 e 23 de setembro nas Instalacións Municipais das Pedreiras (que inclúen campo de rugby de céspede natural e pistas de atletismo), situadas ao carón do Pazo Universitario dos deportes en Lugo, desenvolvéndose en horario de 10 a 14 horas. A valoración do espazo é moi positiva pois dispúxose del na súa totalidade, sendo idóneo para o fin que se pretendía. Hai que salientar que o Concello de Lugo cedeu gratuitamente o espazo para a celebración das Xornadas e ademais, a Deputación puxo a disposición as instalacións cubertas do Pazo en caso de chuvia.

Doutra banda, a persoa relatora que entrevistou conta con moita experiencia neste eido (Manolo Miranda, ex preparador físico do C.B. Breogán, profesor da Escola Universitaria de Formación do profesorado en Lugo da USC e fundador do primeiro clube de rugby galego, o extinto Xabarín Rugby Club).

A actividade permitiu estreitar lazos e comunicación cun profesorado, o de Educación Física que, coma outros, demanda unha maior oferta formativa e amosou interese en planear a medio prazo actividades conxuntas coa nosa organización.



Doutra banda, o pasado sábado 21 de outubro tiveron lugar en Lugo as *Xornadas de Autismo I: intervención e comprensión nas habilidades sociais*, actividade realizada en colaboración coa Asociación Capaces Lugo, asociación de familias e profesionais do ensino así coma doutros eidos que por uns outros motivos (tamén circunstancias familiares) veñen desenvolvendo un importante labor co alumnado que presenta diversidade funcional asociada ao TEA.

Todas as precisións sobre estas Xornadas, que foron todo un éxito, están contidas no artigo incluído neste mesmo número, e asinado por tres compañeiras do STEG de Lugo: Pilar García, Mercedes Grueso e María Guerreiro. Só engadiremos que o STEG valora moi positivamente esta experiencia de colaboración con Capaces Lugo e así o manifesta publicamente; entendemos, ademais, que o camiño de nos asociar e ser quen de compartir iniciativas desta natureza con colectivos, grupos, asociacións e entidades da contorna é un elemento esencial para espallar os valores que promove o STEG en relación a un ensino público e de calidade que, por tanto, debe promover a inclusión, a atención á diversidade e a igualdade de oportunidades.



FORMACIÓN STEG 17/18
SETEMBRO
(8 HORAS HOMOLOGADAS)

SÁBADO 16 E SÁBADO 23 DE
SETEMBRO (DE 10 A 14 H.) EN LUGO

aulas libres

19

OBRADOIRO DE RUGBY NA ESCOLA

Neste momento o STEG xa ten data para as *Xornadas de Autismo II: DIFICULTADES DE INTEGRACIÓN SENSORIAL NA AULA E ESTRATEXIAS PARA A MELLORA DA PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO*, que se celebrarán tamén en Lugo o 3 de febreiro de 2018, no MIHL (Museo Interactivo da Historia de Lugo) e para as que actualmente xa hai 70 persoas inscritas, podendo inscribirse aínda nelas todas as persoas que así o desexen a través da nosa páxina web: www.steg.gal.

Coincidindo coa análise das enquisas recollidas nas Xornadas de Autismo I, estase a avanzar na celebración dunhas Xornadas de Educación Infantil, probablemente a finais de marzo ou comezos de abril, con data e programa aínda por pechar, que xa estaban incluídas na proposta inicial do STEG para a actividade formativa deste curso.

Igualmente, o STEG vai desenvolver un *Obradoiro de Coro Escolar*, distribuído en **tres sesións de 3 horas** cada unha (**un mércores de febreiro, un de marzo e outro de abril**) en Vigo, actividade que será impartida por **Ramón Bermejo**, persoa con gran experiencia docente e formativa no eido musical. A actividade é moi valiosa dende o punto de vista da integración do alumnado con máis dificultades, aparte do indubidábel valor pedagóxico da educación musical na escola. Procederase na segunda quincena de novembro a abrir na web de STEG o prazo de matrícula.

Doutra banda, a Asemblea de Mulleres do STEG está a traballar no deseño das *III Xornadas de Coeducar en Igualdade*, en colaboración con varios colectivos feministas e onde haberá ademais, unha sorpresa moi especial que non podemos desvelar aínda.

Igualmente, está previsto que no segundo trimestre do ano teña lugar a segunda parte do *Obradoiro de fotografía e edición de son*, que é a continuación do que se celebrou o curso pasado en Brión.

A finais de abril terán lugar tamén en Compostela as Xornadas de Lingua do STEG, que terán como elemento central avanzar na formulación de alternativas ao decreto de plurilingüismo así como a defensa da lingua galega e a posta en valor da nosa cultura.

Finalmente, terá lugar en Lugo a finais deste curso 2017/18 un Obradoiro de pedagogía musical e atención á diversidade, en colaboración con *Fábrica de Sons*, entidade de formación musical orientada a todos os públicos.

Por tanto, a actividade formativa do STEG está a afondar na mellora do ensino público, facendo fincapé naqueles eidos que deben ser un trazo distintivo da mesma e que xa o son da nosa organización: a lingua e a cultura galega, a atención á diversidade, o feminismo así como os contidos humanísticos, promovendo tamén a asociación puntual ou de carácter máis permanente con colectivos, persoas, entidades ou asociacións pedagóxicas, cívicas ou movementos de renovación que promoven a procura dunha sociedade máis democrática, xusta, tolerante e igualitaria, obxectivo que pasa inequivocamente pola defensa do noso ensino público. Seguimos camiñando!

xornadas sobre autismo: comprensión e intervención nas habilidades sociais.

Pilar García, Mercedes Grueso e María Guerreiro

O sábado 21 de outubro tiveron lugar as **Xornadas sobre autismo: Comprensión e intervención nas habilidades sociais**. Foron organizadas polo STEG, en colaboración coa Asociación Capaces-Lugo, e nas que tomaron parte máis de cen persoas, todo un éxito de participación. O marco no que se desenvolveu a xornada foi o *Vello Cárcere*, cedido para a ocasión polo Concello de Lugo. Estas xornadas, coma outras actuacións do STEG, encádranse dentro do compromiso do sindicato pola **atención á diversidade** e a aposta decidida pola educación inclusiva e pola equidade no ensino público.

A persoa relatora que nos achegou a este tema, por outra banda tan significativo no traballo coas persoas con TEA, foi **Marlene Horna Castiñeiras**. Psicóloga da especialidade de Clínica e Social, dende hai máis de quince anos traballa con nenos e adolescentes con TEA e as súas familias. Traballou na Unidade de Atención Temperá da Universidade de Santiago de Compostela, como orientadora dun C.E.E.P.R. da asociación ASPANAES e, na actualidade, faino de maneira particular e dentro da Unidade de Apoio Ambulatorio (UAM) da asociación BATA. Desenvolve a súa actividade apoiando as persoas con TEA nas súas contornas naturais e posúe unha ampla experiencia como docente, adquirida en numerosos cursos promovidos por diversas institucións, asociacións e universidades.

A xornada iniciouse ás dez da mañá, despois da entrega de material ás persoas inscritas. E na primeira parte da mesma destacou sobre todo a importancia de aprender habilidades sociais, e cal debe ser o obxectivo fundamental na súa ensinanza: o establecemento de relacións persoais. Se estas habilidades son importantes para todo ser humano, no caso das persoas con TEA require dun traballo de coñecemento e comprensión das características do trastorno, e da persoa en particular, para poder axudarlle a adquirilas. Asemade a **necesidade de aprender en contornas naturais** (a casa, o centro educativo, o supermercado, etc), porque o contexto condiciona o significado, polo que sempre será máis eficaz **partir de situacións concretas e despois determinar as habilidades necesarias**. “*Estes nenos teñen que saír ao mundo*” (Grandin, 2013), foi unha das citas que nos achegou Marlene ese día.

Despois da pausa-café, onde as persoas participantes tiveron ocasión de compartir inxedanzas e experiencias sobre este tema, retomouse o relatorio co papel da familia e o apoio tanto desta como da contorna social. Neste bloque Marlene afondou nos pros e contras da comunicación do diagnóstico, como crear roles de amizade e apoio, a prevención do acoso escolar e algo tan importante (e aínda materia pendente nos centros educativos) como é a **estruturación dos patios de recreo e o papel do xogo**. É moi necesario que lle ensinemos á persoa con TEA as habilidades, pero tamén aos seus compañeiros e compañeiras a como apoiala e gozar con ela. Isto foi o que nos transmitiu Marlene, quen en todo momento procurou que nos puxeramos nos zapatos das persoas con autismo.

para saber máis

programas específicos para o traballo das HH.SS.:

Manual de evaluación y entrenamiento en habilidades sociales para personas con retraso mental
Social Thinking Social Learning Tree
Social Skills Solutions
The peers curriculum for school-based professionals
Social skills for teenagers with developmental and autism spectrum disorders
Peers for young adults


vídeos, series, anuncios de publicidade:

Mr Bean
Cosas de Marcianos
Temple Grandin
Charles Chaplin
Física o química
Mozart y la ballena
The Big Bang Theory

Pola tarde, despois do xantar, os esforzos da relatora (que acompañou sempre a información con moitos exemplos prácticos e procurando a participación da xente) centráronse en destacar a **necesidade de dar moitas explicacións a este alumnado**, que seguramente non demandarán, pero que sen dúbida lles axudarán a comprender, e aportarán tranquilidade e seguridade, valorando sempre a participación. Despois **o traballo do mundo emocional** foi tamén moi desenvolto na xornada da tarde: axudar a comprender o mundo das emocións nun mesmo e nos demais. Aquí foron moitas as estratexias e actividades que se achegaron para adentrarnos no traballo tanto de identificación, gradación e expresión das emocións. Cómpre axudarlles a expresarse e adaptar e protexer o entorno sensorial e contar con ferramentas que axuden a superar os problemas asociados coas emocións negativas.

Aspectos moi prácticos sobre **a arte de conversar** puxeron o punto final ao día, tendo sempre en conta as características da linguaxe no TEA (literalidade, pouca habilidade para a comunicación non verbal, temas restrinxidos, etc.)

Foi unha xornada intensa, cargada de información, que axudou a despertar a nosa curiosidade sobre o TEA, a comprender mellor ao noso alumnado e a achegarnos a **infinidade de recursos para o traballo das HH SS tan necesarias para a vida**. A sensación compartida polos asistentes era de satisfacción e de tempo ben empregado, foi un sábado solleiro pero pagou a pena.



O STEG participa nas xornadas da escola sindical da confederación intersindical organizadas por suatea.

As xornadas tiveron lugar en Xixón os días 20 e 21 de outubro, co título: *“Políticas Económicas da Unión Europea e o Estado de Benestar: os necesarios debates sobre o Euro e a Renda Básica”*

As seguintes ponencias e debates foron seguidos por compañeiras e compañeiros de sindicatos irmáns, ademais da representación galega:

- “CiberActivismo e redes sociais no ámbito sindical”, presentada por Fernando Pellicer Melo (responsable de TIC STEC-Intersindical Canaria), onde se destacou a necesidade da proxección da acción sindical a través das redes sociais, e cómo éstas son esenciais para fornecer a loita sindical máis alá dos espazos físicos tradicionais.

- “Linguaxe inclusiva: a linguaxe tamén conta”, a cargo de M^a Luz González Rodríguez (responsable da Organización de Mujeres de la CI) na que se salientou a relevancia da linguaxe inclusiva, como a linguaxe esencial na estrutura do pensamento favorecedor da igualdade e a visibilización das mulleres nun mundo onde a comunicación e os mass-media están copados pola linguaxe hexemónica.

- Debate sobre “A Renda Básica Universal”, a cargo de Manuel Cañada Porras (ex-coordinador de IU e ex-parlamentario en Extremadura) e Carmen Castro García (doutora en Economía e activista feminista). Abordouse a necesidade da aplicación inmediata de RBU e postuláronse fórmulas para a súa aplicación dende a perspectiva de xénero, salientando o seu carácter transformador cara unha sociedade máis xusta e igualitaria.

- Debate “Sobre o Euro”, a cargo de Eduardo Garzón Espinosa (economista, asesor do Concello de Madrid) e Ramón Franquesa Artés (profesor de Economía da UAB). Ambos ponentes amosaron as dúas caras dunha Unión Económica Europea na que todo o seu eixo ideolóxico, político e social se reduce á aposta polo Euro.

Ao mesmo tempo que se sucederon as xornadas, as Marchas da Dignidade organizaron unha manifestación en Uvieu para protestar contra os *“Premios da vergonza”*, que se entregaban na cidade asturiana con motivo do premio “Princesa de Asturias da concordia” á Unión Europea; á mesma Unión Europea que xestiona a crise humanitaria provocada pola guerra de Siria virando as costas a milleiros de persoas que reclaman a condición de refuxiadas. Alí tamén estivo representada a nosa loita sindical.



in memoriam gustavo chao, meu amigo!

Manolo Martín

Todos os meus amigos e familia saben que Gustavo Chao, Gus, é o meu máis querido amigo. Coñecémonos hai 52 anos na Escola Normal de Maxisterio de Pontevedra ao remate da nosa carreira no curso 1964-65, volvéndonos a encontrar en setembro do 70 na Inspección de Educación Primaria de Pontevedra. Dende aquela fraguouse unha amizade que xamais se revirou e medrou na mutua estima.

Grazas ás súas reflexións principiámos en Pontevedra (na Inspección de Ensino Primario) o activismo reivindicativo de dignidade e xustiza social para o Maxisterio e en defensa de compañeiros sometidos a inxustos expedientes no sector do ensino público.

Convinceunos de afiliarnos e infiltrarnos nas organizacións do réxime franquista (1970-72), como facían as CC.OO., empezando así un activismo no que se implicaron outros compañeiros e compañeiras de estudo ou oposición con quen fomos contactando. Iniciamos daquela accións reivindicativas que dende o ano 36 non se produciran no noso sector, aproveitando as estruturas organizativas da ditadura (SEM: *Servicio Español del Magisterio*). Conseguimos, nunha asemblea promovida polo noso activismo (16 de xuño de 1972), a dimisión do *Jefe Provincial del SEM* e demais membros que o apoiaban; acadamos o nomeamento dun novo *Jefe Provincial* (Juan Figueroa, un dos nosos activistas), que designou a seguir como *Presidente del Magisterio Oficial* a Miguel Barros Puente. Gustavo Chao foi nomeado entón Secretario Provincial do SEM, coa responsabilidade administrativa desta organización de orixes fascistas, participando no proceso da súa democratización para conseguirmos chegar á dinámica asemblearia que habería de caracterizarnos.

Conséguese entón, asemade, o control da *Mutualidad de Enseñanza Primaria*, tamén en mans do anterior *Jefe del SEM* e acórdase a renovación de asistencia médica sen pago previo de consulta ou cirurxía dos pacientes, como se daba naquel tempo, renovando contrato do Igualatorio Médico Colexial (IMECOSA) de Pontevedra coa *Mutualidad de E.P.* de Madrid.

Na última semana de xaneiro do 1973, promovemos mobilizacións contra o Complemento de Corpo do profesorado de EXB e a súa discriminación na adxudicación dos incentivos que tiñan outros corpos do sector do ensino e da administración do Estado. En primeiro lugar o Presidente provincial dos

mestres-as de E.X.B. diante do SEM en Madrid saíu á palestra cun manifesto subscrito por mil mestres-as no que se esixía ...“*un plan de acción que haga patente con hechos la absoluta disconformidad del Magisterio*”... Conforme o antedito, leváronse a cabo dous días á semana de folga total e o resto dos días paros académicos con asistencia de alumnado e non impartición de clases – paros técnicos – (o medo latente empezaba a evaporarse).

Dende a Inspección de Educación Gustavo Chao, Pepe Rivas e M. Martín – coa complicitade do deixar facer do Inspector-Xefe Cifuentes – por teléfono e por medio da multicopista reforzamos as accións a favor do paro técnico ou folga segundo as circunstancias dos centros contactados, animando aos activistas de cada comarca, que informaban da situación.

Por cousa destas accións deixan de funcionar comedores escolares, interrómpese o transporte escolar de colexios, deixan de asistir profesores-as a cursos de especialización, etc.

Promoveuse e conseguiuase unha dinámica de asembleas de centro, comarca e provincia nas que se debatía a problemática profesional e social e que remataron concluíndo a necesidade de reclamar a independencia e saída do SEM da *Secretaría General del Movimiento*, como consecuencia da Autocrítica formulada e asumida nas asembleas de centro e comarcais de xeito maioritario, e mesmo das asociacións que incluía (Maxisterio, Inspección, Directores, ...), producíndose unha reacción no mesmo senso en Galicia e en todo estado español no ano 1975, que leva ao inicio da desfeita do SEM.

Diante desta situación o *Jefe Nacional del SEM* estatal destitúe a Figueroa e a Barros, dimitindo solidariamente Gustavo Chao.

Comprometémonos de cheo na democratización do movemento reivindicativo do maxisterio de Pontevedra, de Galicia e de España, no que participamos unha gran maioría do profesorado

desta provincia, organizado en asembleas de centro, comarca e provincia. Exemplo que se estendeu por todo o estado español, onde PONTEVEDRA foi coñecida pola súa capacidade de mobilización democrática, documentada con actas das asembleas de centro garantidas coas sinaturas e documentación persoal do profesorado que avalaban a nosa representación perante a Coordinadora estatal cando se precisou.

Gustavo destacou no proceso organizativo do maxisterio, pola súa posición ética de traballo honrado, de dignidade diante da administración educativa e mesmo de amparo a compañeiros e compañeiras contra das actitudes autoritarias e de desprezo por parte dalgún inspector ou delegado de Educación (caso dunha funcionaria nai solteira que querían separar do servizo activo), herdeiros dos xeitos da ditadura franquista. Nese proceso tiveron a honra de participar e aprender con el.

En xaneiro de 1976 o proceso reivindicativo contra os decretos que desenvolvían a Lei de Villar Palasí seguía. Pretendíase polo *Ministerio de E. y C.* poñer en vigor un *Decreto Regulador de Plantillas* (*Decreto do MEC 3.600 DE 5.11.75, BOE 17.01.76*), de colexios de E.X.B, das especialidades, que topaba de fronte co problema de que a gran maioría do maxisterio - con moitos anos de servizo - non tivera ocasión de participar nos cursos de especialización, en desvantaxe cos licenciados que empezaron a ingresar no corpo de EXB cunha mínima preparación pedagóxica, rexeitándose o Concurso de traslados por especialidades.

Ao *Decreto Regulador de Plantillas* sumábanse reivindicacións pendentes como:

Aplicación dos mesmos criterios retributivos ao profesorado de E.G.B. que se tiñan en conta para outros corpos docentes.

Aplicación do coeficiente 3,6 ao corpo de directores-as escolares.

Contrato laboral para contratados e interinos.

Creación dun órgano representativo e democrático para a defensa dos intereses profesionais do maxisterio.

Elección dunha comisión negociadora composta por profesorado de E.G.B.

En asembleas acórdase iniciar unha folga en paro técnico a partir do día 26 de xaneiro de 1976, ratificada en asemblea provincial, e mesmo manifestarse o profesorado en Pontevedra o día 28 do mesmo mes contra o *Decreto de Plantillas*. Dende a II República non se acordaba en Pontevedra manifestación de tanta xente por unha reivindicación laboral, duns 3.000 compañeiros e compañeiras, segundo *Escuela Española* e 2.000 para a prensa provincial (*Faro de Vigo* 29.01.76).

Estas mobilizacións, no punto relativo á Comisión Negociadora, obrigaron ao MEC a convocar eleccións para *Representante Provisional del Profesorado de E.G.B.* (Orde do MEC 25.03.76) en cada provincia do estado. O movemento asembleario do profesorado de Pontevedra que promovera a desfeita do SEM, presentou a Candidatura Sindicalista, que, entre outros e dun xeito activo na súa organización, contou con Gustavo Chao e con quen isto lembra.

Fíxose unha proposta de programa, subliñando que o candidato non podería ser máis que un portavoz do Maxisterio, a teor do que se formularon os seguintes puntos:





1. Non aceptar ningún compromiso, nin levar a cabo ningunha negociación, sen consulta previa ao Maxisterio.
2. Convocatoria dunha Asemblea provincial do Profesorado de EGB na semana seguinte á publicación oficial do candidato elixido.
3. Proposición á Asemblea da celebración do Primeiro congreso Provincial do Profesorado de EGB.
4. Intentar a constitución dunha comisión integrada por compañeiros/as das catro provincias que preparase a celebración dun Congreso de Profesores de EGB de Galicia, dedicado ao estudo da problemática que presentaba o feito educativo na realidade diferenciada do País Galego.
5. Esixencia de cumprimento dos puntos da Táboa reivindicativa que se fora formulando e completando naqueles anos: a) Creación dun órgano representativo, democrático e independente; b) Contrato laboral para interinos e contratados. Aplicación do criterio “a igual traballo, igual remuneración”; c) Derrogación do *Decreto de Plantillas* dos colexios públicos e participación dos ensinantes na elaboración de cantas disposicións legais afectasen á E.G.B.; d) Que as horas esixidas para **dedicación plena** se distribuísen co mesmo criterio dos outros corpos docentes, con opción ao complemento de **dedicación exclusiva**; e) Xubilación voluntaria aos 60 anos e obrigatoria aos 65 co 100 por 100 dos haberes en activo; f) Gratuidade do ensino e escolarización total.

Gañou a nosa candidatura e nos meses de setembro e outubro de 1976 levouse a cabo a organización do **I CONGRESO del profesorado de EGB**, en cumprimento da proposta 3 da Candidatura Sindicalista, confirmada na asemblea provincial celebrada no cine Gonviz de Pontevedra no remate do curso 1975-76, coa proclamación de Juan Figueroa como Representante provincial provisional do Maxisterio de Pontevedra.

Aínda que estaba previsto celebrar o I Congreso entre os días 12, 13 e 14 de novembro de 1976, por haber mobilizacións con convocatoria de folga nesas datas, trasladouse finalmente aos días 28, 29 e 30 de xaneiro do 1977.

Gustavo Chao participou activamente na montaxe do Iº Congreso do Profesorado de EGB, que tivo lugar en Vigo, como membro da comisión organizadora. A xuntanza rematou coa constitución do Movimiento de Maestros de Pontevedra (MMP), do que Gloria Monteagudo Gil (Goya), que anos máis tarde sería compañeira e esposa de Gustavo, foi elixida para a Comisión Xestora (presidida por Pepe Lores Rosal). Hai neste ano de 2017 corenta anos que o movemento asembleario de mestres da provincia de Pontevedra culminou no MMP.

O MMP participou activamente na longa folga indefinida de abril do 78, presidindo os seus membros as asembleas e sendo elixidos para representar Pontevedra no Comité de Folga na capital do estado Pepe Lores Rosal (hoxe ausente na diáspora do cosmos) e o propio relator destas liñas. Gustavo Chao e Benigno Rey, cos compañeiros do Comité Provincial do sindicato, coordinaron e presidiron a asemblea provincial do profesorado en folga, mesmo auxiliando compañeiros-as con problemas nos seus centros.

As nosas asembleas eran escolas de participación e aprendizaxe democrática nas que nos fomos formando os que só coñeceramos a ditadura do Movimiento Nacional e a educación nacional-católica e a *Formación del Espíritu Nacional* inspirada nas doutrinas nazi e fascista da Falange Española. Foi nestas asembleas onde nacemos aos valores democráticos e de onde saíron no inmediato futuro concelleiros, cadros sindicais, alcaldes e deputados dos parlamentos galego e español. Nelas participou Gustavo, impartindo exemplo ético, argumentos, crítica e solucións da problemática do sector e da sociedade que



movimiento de maestros
pontevedra

aulas libres

25

ESTATUTOS

nos tocaba vivir e sempre como representante do colectivo en loita. Con el compartín moito traballo nas estruturas organizativas que se foron creando para artellar o noso movemento asembleario, cousa que esqueceron algunhas “memorias” de participantes no movemento reivindicativo do maxisterio de Pontevedra.

Gustavo organizou e participou activamente, mesmo do punto de vista económico (con milleiros de pesetas do seu peto), nas primeiras eleccións sindicais democráticas do sector do ensino do ano 1987. Esas eleccións fóranse retrasando polos sucesivos gobernos da UCD e do PSOE, despois de teren sido acordadas xa na folga de abril-maio do 1978 para o ano 1979, por non lle interesar a súa celebración a CC.OO. e FETE-UGT - asinantes dos *Pactos de la Moncloa* -, que esqueceron aos traballadores do ensino, en particular aos mestres de primaria E.G.B., seguramente por teren entón mínima afiliación nese sector, no que a Coordinadora-UCSTE era hexemónica grazas ao seu grande número de persoas afiliadas e á súa práctica asemblearia.

Gustavo Chao, nado no concello de Oural (Lugo) e coñecedor da Mariña Luguesa e do territorio da antiga provincia de Mondoñedo, seguindo o acordo do Comité provincial do MMP coa UCSTE, buscou a unión co Sindicato de Mestres de Lugo e participou na súa campaña electoral por colexios de Mondoñedo, Foz, Viveiro...

O Movimiento de Maestros-UCSTE foi en 1987 a candidatura máis votada na provincia de Pontevedra. Gustavo sería o primeiro Secretario da Xunta de Persoal Docente, onde gañou o respecto dos membros dos outros sindicatos e das autoridades da administración educativa pola súa seriedade e coherencia de xestión na defensa do ensino público e dos compañeiros do noso sector.

Gustavo participou moi activamente no Movimiento de Maestros como membro do seu Secretariado na organización dos seus Congresos, nas relacións con organizacións de mestres de Lugo e Ourense e sindicatos do ensino de Galicia (SGTE) que remataron na constitución do Sindicato das Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galicia, STEG. Asistiu activamente ás asembleas, xuntanzas de comités, Xuntas de Persoal, etc.. Mesmo na organización confederal a nivel de estado UCSTE - STE's, nos momentos de crise xunto con Goya; e dun xeito especial nas escolas de verán que se organizaron no mosteiro de Poio (Pontevedra). Na loita pola dignificación do traballo do ensino público, pola

responsabilidade civil dos e das ensinantes e mesmo nos debates das reformas das distintas leis educativas que se propuxeron dende o Estado español.

Sempre coherente cos principios do movemento asembleario no que naceu o MMP, respectando os acordos das asembleas, congresos e, consecuentemente, os estatutos do sindicato.

En resumo, Gustavo foi, era, é, un home solidario e traballador e mesmo algo moi revolucionario nos tempos que vivimos: foi, era, é, un home honrado.

Ata hai pouco, cando a súa enfermidade xa non llo permitía e notou algunha incoherencia interna no cargo que lle encomendaron dentro da Comisión de Garantías do STEG, dimitiu por non ter folgos suficientes para expor e facer valer os seus argumentos. Que dicir do seu comportamento familiar, co seu irmán Paco tamén falecido (e a filla del), curmás, primos e primas, cuñados e cuñadas, tías. Especialmente a inesquecible tía dona Alicia, coa súa sogra dona Emilia (as dúas mestras de mellor lembranza) e amantísimo con Goya. Cos seus amigos sempre atento e preocupado, mesmo horas antes de nos deixar.

Un home todo afecto coa xente do seu redor. Grazas, compañeiro. Graciñas, amigo. Estarás comigo como quedamos. Vivirás con nós no recordo das nosas lembranzas, meu amigo.

entrevista con carme saborido

Isabel González Avión

Carme Saborido é unha activista sociocultural. Naceu en Padrón e licenciouse en Filoloxía Galega pola USC. Na actualidade cursa o grao de Linguas e Literaturas Modernas nesta mesma universidade. Foi unha das promotoras de “Ciranda”, un proxecto para difundir a expresión cultural lusófona. O seu blog “Lusopatía” é unha xanela aberta ao mundo, que permite ver os amplos horizontes e o dinamismo que nos ofrece a nosa comunidade lingüística.



Nacer muller en Padrón, como é o teu caso, suxire un camiño?

Quero muito acreditar no destino e pensar que sim. A minha mãe é de Padrão como Rosalia e o meu pai era de Rianjo, como Castela. Quer queiras, quer não, caminhas, brincas, corres... por ruas de história viva.

Como influíu na túa vida a obra e a figura de Rosalía de Castro?

Eu cresci na década de 80, depois da guerra, depois da ditadura e já na democracia. Mas sendo sincera, a minha prática escolar no ensino primário foi no nacional-catolicismo. Cresci em Padrão e foi lá que me escolarizei numa escola pública que leva o nome da poeta. A ideia que a mim me chegava dela sendo eu criança era um pouco como de souvenir, porque os professores e professoras que eu tinha na altura ainda eram herdeiros/as do regime anterior. Aprendia poemas de cor, coloria a sua cara com lápis de cera ou via o seu nome associado a um bar ou a um grupo folclórico. Pouco mais.

Até que cheguei ao ensino secundário não fui capaz de ver o seu compromisso e isto foi graças à profissionalidade das minhas professoras.

Como percibes o traballo que está a desenvolver a Fundación Rosalía de Castro? Coidas que na actualidade existe unha imaxe menos mistificada desta figura?

Posso falar da atividade da casa-museu e das grandes mudanças que tem havido nestes últimos anos.

A musealização anterior era mais virada a reproduzir uma casa familiar do século XIX. Penso que também ajudava a alimentar essa mistificação.

Hoje, felizmente, a casa-museu centra-se na figura de uma mulher-escritora, que é o que a sociedade demanda. A casa e a fundação têm um papel mais ativo na divulgação da sua obra. Iniciativas como


“Caldo de Glória” fizeram com que se recuperasse uma receita típica, se envolvessem todos os setores da hotelaria padronesa e revisitássemos todos e todas o poema “Minha casinha, meu lar”.

Na túa experiencia como estudante de Ensino Medio houbo algún fito que espertase ou animase o camiño que posteriormente seguirías nos estudos universitarios?

Como comentei antes, escolarizei-me no CEIP Rosalia de Castro. Aí ia a rapaziada do centro da vila e então eu cresci a pensar que o castelhano era aquela coisa que toda a gente falava e que o galego eram umas horas à semana de uma matéria.

Chegar à escola secundária foi para mim um Big Bang. Já não estava na turma só com rapazes e raparigas de Padrão, partilhava também espaços com pessoas de Rois, Dodro, Valga e Ponte Cesures. Numa turma de 30 falavam espanhol os quatro que eram da vila e aí foi que algo em mim despoletou. Padrão já não era o centro do mundo e paradoxalmente, apesar do nome, o IES Camilo José Cela, foi para mim mais galeguizador do que o CEIP Rosalia de Castro.

Comecei a questionar-me coisas, a ver atitudes, a identificar preconceitos.



Como e cando xorde a túa lusofilia?

Não sei bem colocar uma data. Tenho montes de experiências que me levaram aonde estou. Quando eu não fui lusófila?

Por dizer as coisas mais destacadas, direi que a minha infância foi com o Xou da Xuxa, com as canções daquele disco internacional do Xabarán Club e com “emissões acidentais” da RTP na nossa tv quando chovia ou havia muito vento. Ao pé dos discos dos Tamara havia outros de Amália na minha casa. Digamos que sempre houve essa sensibilidade na minha família.

Nas aulas de BUP, na típica unidade de “Galego-português ou Galego e Português” recorde-me de que no livro de texto havia um trecho de *Memorias de um neno labrego*. De um lado estava em português moderno, doutro como o autor o tinha escrito. Lembro-me de pensar: “devo de ser anormal, porque entendo melhor o lado do português”. Hoje sei que é pela diacronia e a seleção léxica, mas aquilo fez-me pensar muito.

En que consiste o proxecto “Ciranda”? Naceu porque había un baleiro que cubrir, un mercado, un público real ou potencial?

Em 2012-2013 a AGAL tentou externalizar vários projetos e dar-lhe forma de empresa. Uma livraria e uma plataforma integral de formação que ajudassem à divulgação do português e à estratégia reintegracionista. Assim nasceu Ciranda em 2013, uma livraria física e ponto de encontro.

Acreditávamos que esse mercado de formação e de curiosidade pelo mundo que fala português existia e... existe! Mas a realidade económica é outra e mais para uma livraria especializada no mundo lusófono com quatro proprietários na altura. A Ciranda como livraria fechou portas neste ano, foi um projeto de 2013 mas muito visionário. Todas as iniciativas educativas, exceto a do local físico, continuam. Talvez nuns anos, com consumidores/as mais conscientes possa voltar a funcionar algo assim.

Por muito tempo o único compromisso que foi pedido a alguém como galegofalante foi... que falasse galego. As políticas linguísticas não foram muito mais longe dessa oralidade e hoje temos pessoas galegofalantes (e até militantes) que têm o telemóvel em espanhol e leem Saramago também em espanhol. O consumo cultural tem de ser muito mais comprometido para as coisas avançarem.

Por que escollestes ese nome?

Queríamos algo que englobasse muitas coisas e acho que o conseguimos. A Ciranda é um tipo de dança que se executa em roda e de mãos dadas. Indica uma união e um movimento. Esta dança chama-se assim no Pernambuco e na Galiza também existe, chama-se Girona.

É hoxe máis coñecida a cultura portuguesa na Galiza ou menos que en décadas pasadas?

Os canais de divulgação, eventos e informação são muito mais que em décadas passadas, ora bem, isso não significa que o conhecimento seja profundo. Continuamos a programar/consumir produtos culturais portugueses de uma ótica muito estereotipada. Temos muito por descobrir ainda.


Como foi a relación da librería “Ciranda” con outros axentes lusófilos?

Lá tínhamos eventos quase cada semana: concertos, ateliês, recitais, lançamentos de livros... Foi um ponto de encontro para artistas, editores/as, instituições... Até um prémio Camões da literatura, Ondjaki, chegou a apresentar mundialmente uma das suas obras lá.

Como xorde a idea do Blog LUSOPATIA?

A mim atingiu-me a crise como a tantas pessoas. Sou professora substituta e tive anos de poucos contratos ou nenhum. Trabalhei como tradutora e corretora linguística para ETs. Dei aulas por aí de casa em casa, enfim... Um desses trabalhos que tinha e que adorava era dar aulas de português na associação A Gentilha do Pichel em Compostela. Era uma hora à semana e pensei que seria boa ideia complementar as explicações com informações sobre eventos culturais que os/as estudantes pudessem ler. Aí nasceu a ideia em 2011, mas faltava um nome.

Um dia um amigo perguntou-me que ia fazer no fim de semana. Disse que ia a um concerto dos Deolinda. Ele respondeu a brincar: “lá estás tu, com a tua lusopatía!” Sem dar por isso batizou o meu blogue e a minha “doença” sem cura.



Nel tes enlaces como o do magazine feminista “Capazes”. Que papel cres que tivo e ten a internet e as redes sociais no avivamento que este movemento coñece?

A net permite-nos re-ocupar o noso espaço e darnos voz. Sem este suporte, projetos como a Revista Capazes, Revirada, Pikara Magazine ou Quebrando o Tabu... nunca chegariam ao grande público. Hoje abro o Facebook e acompanho as notícias que estas plataformas publicam.

O facto de obtermos feedback nos comentários é também muito enriquecedor porque aprendes em tempo real as filosofias doutros feminismos no mundo.

Que camiños percorren actualmente os feminismos en Portugal e en Galiza?

Penso que se fazem leituras bastantes similares de um e outro lado do Minho, ainda que a receção seja um bocado desigual.

O feminismo percorre os caminhos da diversidade, tomando novas vozes onde todas possamos sentir-nos cada vez mais representadas.

Ao longo deste tempo co Blog LUSOPATIA terás experiencias e anécdotas relevantes. Cóntanos algunha.

Comecei o blogue com a ideia de que ia durar uns dois anos, porque li na net que era o tempo de vida média de um blogue. Acho que o mais relevante é que sendo eu uma pessoa à que lhe morrem todas as plantas, consegui manter isto com vida até hoje.

Deixando as brincadeiras de parte, posso dizer que é das coisas que mais satisfação me tem dado na minha vida. O Lusopatía ficou em 5º lugar na categoria de Melhor blogue estrangeiro em língua portuguesa do concurso Aventar 2012; um dos artigos apareceu referenciado no Ciberdúvidas da Língua Portuguesa; fui entrevistada na Rádio Galega; consegui entrevistar à minha cantora preferida, Capicua; participei no simpósio SIPLE (Simpósio Internacional Português Língua Estrangeira); e Teresa Salgueiro, cantora dos Madredeus, fez-me um retweet e comentou um dos meus artigos. Enfim, que se morro hoje, morro feliz.

Que nos ofrece á sociedade galega no século XXI a lusofonía?

Quero relacionar isto com a minha frase anterior, porque acho que poucas vezes falamos da felicidade. Falo por mim: sou reintegracionista porque me faz feliz. Vivo com muita mais plenitude a minha língua. Acho que há uma opção maravilhosa de produtos culturais produzidos neste galego internacional que podem encher as nossas vidas.

Uma pessoa pode estar a escornar-se e andar em lamúrias de se a Patrulla Canina não está em galego e que como vai fazer a sua vida assim. Eu abro a net, vejo a Patrulha Pata e para mim é uma preocupação menos. Não digo que o reintegracionismo, a lusofonia, resolva todos os nossos problemas, não sou assim tão inocente, mas acho que nos ajuda a ir ao que interessa, ao substancial.

Cal é a túa experiencia como profesora de portugués?

Dar aulas de português na Galiza é como ajudar alguém num processo de amnésia. As pessoas que não falam galego dizem: “ah, claro, como em galego!”, as pessoas que sim o falam dizem: “ah, como dizia a minha avó...!” é muito interessante acompanhar esse processo, ver como as pessoas reparam na grande vantagem competitiva que têm.

A conexão com a matéria é muito rápida, até poderia dizer que afetiva.

Como o ves ensino desta lingua na Galiza? Que pasos se poderían dar neste ámbito?

Precisamos de um compromisso real por parte dos poderes públicos para fazer da proposta do ensino do português na Galiza algo concreto.

A opção de português como segunda língua no ensino secundário chega atualmente a 1,4% dos/as estudantes e talvez pessoas que leiam isto hoje ainda fiquem a saber que tal opção existe.

Já trabalhei em muitos centros educativos onde o professorado nem sequer sabe da possibilidade e aí as associações têm jogado um papel fulcral quanto à divulgação. O “Projeto telefonemas” da AGAL consiste em chamar diretamente às escolas e explicar como o português pode ser implementado.

Por outro lado, está a questão dos professores/as de português. Nos centros que contam com a matéria de português são os/as docentes de Língua e Literatura Galega que leccionam isto, em boa medida por amor à matéria e por voluntarismo. Se um deles/as tem uma baixa, a Conselharia não envia pessoal com formação específica em português. Isto põe em risco o aprendizado e a continuidade desta cadeira nas escolas.

Precisamos já de um corpo específico de docentes de português e muita mais divulgação. Os poderes públicos têm que ouvir todas as reivindicações que Docentes de Português na Galiza (DPG) leva fazendo ainda quatro anos depois de a ILP Valentim Paz Andrade ser aprovada.

O papel de institucións como o Consello da Cultura Galega ou da Real Academia é positivo no achegamento ao mundo lusófono?

A ILP Valentim Paz Andrade foi uma das iniciativas com mais apoios da Galiza. Foi o povo que trabalhou nela e foi o povo, mais uma vez, quem fez o trabalho das instituições. Não existe um compromisso real por parte destes organismos, até me arrisco a dizer que há um setor bastante reacionário que quer bem que este achegamento nunca aconteça.

As opções ortográficas deveriam ser isso, opções. As academias e outras instituições pagas por todos/as teriam que ser plurais, representar-nos e funcionarem como um foco irradiador de cultura e verdade. É tempo de avaliar e ver que metas foram atingidas pelo oficialismo.

Que opinión che merece a eterna candidatura frustrada de Carvalho Calero para a celebración das Letras Galegas?

Pois tem um bocado a ver com o anterior. Do meu ponto de vista, Carvalho Calero é aquele velho de olho maculado do conto “O coração revelador”, de Edgan Allan Poe. Toda a gente sabe que um coração ainda lateja por baixo daquelas tábuas.

Cal é a túa percepción sobre a evolución do movemento reintegracionista en Galiza?

Igual que com o feminismo, as redes sociais ofereceram um espaço maravilhoso de partilha e divulgação. Hoje é fácil encontrar pessoas que têm esta opção ortográfica nas redes. O reintegracionismo foi visibilizado e tornou-se mais acessível.

Dantes, poderíamos dizer, que os/as reintegratas cabíamos todos/as num táxi. Agora as associações de que eu faço parte recebem novas inscrições todos os anos e são sempre contributos valiosos, porque os sócios/as entram para participarem de maneira ativa.

Se num passado fomos etiquetados/as de elitistas ou minoritários, agora o reintegracionismo é uma opção que se apresenta como uma via possível. Pode ser também que o contexto económico que estamos a viver tenha ajudado.

A focagem social, divulgativa e, por cima de tudo, lúdica que nos define nestes últimos anos é algo que me fascina. Vejam só as fotografias da última manifestação do 17 de maio. Pessoas reintegratas sorridentes vestidas do Milagre de Fátima: o mistério da Santa Reintegração. Quem não havia querer fazer parte disto?

Que experiencias lusófilas actuais che parecen máis interesantes?

É difícil escolher, mas vou falar do Arritmar. Arritmar combina música e literatura, é um certame onde pessoas que estudam português elegem por votação a melhor poesia e o melhor disco da Galiza e Portugal publicados no ano anterior.

Quando soube da iniciativa, gostei muito. Chegar a saber qual é o melhor de cada casa envolve muitas horas de mergulho em livros e discos por parte de quem estuda. Considero que em termos de consumo cultural este é um achegamento real à lusofonia.

No final faz-se um ato com esses artistas finalistas no Teatro Principal em Compostela. O ano passado ganhou do lado português no plano musical a rapper Capicua. Sou ciente de que sem este concurso, seria difícil que o público galego ouvisse rap português feminista.

Sen música non hai revolución. Na túa actividade, no teu compromiso, hai un enorme potencial de transformación. Precisamos unha banda sonora para esta entrevista. Cal nos recomendarías?

Não faz falta ler nas entrelinhas. Declaro-me fã incondicional da Capicua e do seu discurso. O seu último disco é uma parceria com outros rappers das duas beiras do Atlântico (Rael, Emicida e Valete) e intitula-se Língua Franca. O álbum é um tributo à comunicação, ao entendimento, à língua que nos une.

A canção “Ela” é o meu hino de cada manhã. “Ela” pode ser a música, a política, a língua, a escola, a aldeia, a tua irmã, a tua mãe... Ela é uma força transformadora... e feminina!

experiencias de aula

a videoteca do ies a basella: 15 anos de ilusión e traballo

Manuel Seixas

Todo comezou como un xogo duns alumn@s e un profesor que fixeron catro estantes (custou traballo, menos mal que eles eran “manitas”) e colocaron catro vídeos neles, aló polo curso 2002-03. Entón pensei: se puidera compartir máis cine, música, literatura co alumnado sería precioso. Ademais, moitas e moitos non teñen recursos para acceder a esa última película que xa podo gravar no Canal + ou a eses cd´s que teño na casa e dos que podo facer unha copia e eles e elas non poden ver, non poden escoitar porque non os poden mercar, nin ter canal +, nin ir ao cine, xa me gustaría que puideran. E con eses queridos anxos alumn@s construímos o primeiro bocexo da videoteca. Moito esforzo, ganas (ata tiñamos carnés da videoteca, trunfaron uns anos, ha, ha!) e uns cantos VHS. Así, alá polo 1 de Febreiro do 2002, apareceu o primeiro comunicado público do xerme da Videoteca:



O Departamento de Filosofía, á marxe de ampliar o ano pasado o fondo de biblioteca, creou (e está a crear) un fondo de vídeos para préstamos a todo o alumnado e profesorado do centro.

*Este servizo estará á vosa disposición todos os **XOVES NO 2º RECREO**. Preguntade por **Manuel Seixas** na sala de profesores ou no mesmo Departamento de Filosofía (Seminario 5, despois da sala de profesores).*

O listado de vídeos e outros materiais (CDR, etc..) está no propio Departamento.

*O prazo de devolución é **dunha semana**. Procurade devolver as cintas rebobinadas. **Queda prohibida a copia**. Loxicamente este material é só para uso educativo. **Quen incumpra esta prohibición será baixo a súa propia responsabilidade.***

*Tamén teredes á vosa disposición, no recreo antes sinalado, unha obra de consulta: **ENCICLOPEDIA UNIVERSAL DEL CINE (10 TOMOS)**. E algunhas outras obras persoais que poderedes solicitar co mesmo prazo de devolución que os vídeos de departamento, p.ex.: **COLECCIÓN COSMOS** (Carl Sagan, 13 VHS), **EN LA JUNGLA DE LAS SIETE CUERDAS** (Salvador Rodríguez, 1 VHS), etc..*

Agradecementos: Ao profesorado do centro, aos amigo@s e ao alumnado pola súa predisposición, apoio e axuda.

Grazas moi especiais: aos alumn@s de Ética e Filosofía do Dereito: Natalia, Tania, Diego, Iván e Víctor polo seu traballo de ordenación, compilación e “chapa e pintura”.

Hoxe, comparada con aquela primeira videoteca de catro madeiras postas por mans inexpertas, é unha interminable cantidade de estantes que fixo moi ben feitiñas o carpinteiro segundo as ideas que barallei con Moncho (o noso director; o meu agradecemento por toda a axuda en tanta “infraestrutura”, a el e a Xulio, o noso secretario que sempre me atura cos listados e gastos!), é dicir, é un macro almacén, un bonito e querido “espazo” repleto de dvd´s (máis de 1.600 películas), libros-dvd (35), cd´s musicais (uns 700, incluíndo unha magnífica colección de 50 cd´s de música clásica, e outra marabilliosa coa que o querido compañeiro Fernando Arenaz (cando estivo na Basella no equipo de Normalización Lingüística) “galeguizou” a videoteca, composta por 51 cd´s fundamentais na historia da música galega (dende as súas orixes gravadas – “Faustino Santalices”, “Fuxan os Ventos”, por exemplo, ata obras máis actuais (“Uxía”, “Budiño”) á que vou engadindo todo o que vai chegando ás miñas mans (propio e alleo: “Doen”, “Fungo”, “Neuroband” e, como non, “Narf”), seguen os vellos vhs (máis de 1.000!! e sacáronme dun apuro a semana pasada que non ía o dvd de “Antz” e puxemos o vello vhs e sen problema. Tanta tecnoloxía...!!!), material interactivo dos diversos departamentos, tanto en DVD como en Cd-Rom (o meu agradecemento tamén a todos), videoxogos (uns cen, case todos mercados de coleccións de xornais e semellantes, a maioría para PC, catro ou cinco para a Play 2 e uns 10 para a Play 3, moitos destes últimos doados polos propios alumn@s, porque son incrivelmente caros), literatura (máis de 180 libros, case 100 en galego) e, ben, todo isto é que todo o alumnado ou profesorado pode alugar dous recreos á semana.

Pero ademais disto, na actualidade a videoteca converteuse no que eu realmente “soñaba”, como sinalan as nosas normas actuais é un: **“espazo de recreo e goce do noso alumnado**. A finalidade é seguir camiñando na procura dun **ambiente lúdico, aberto e respectuoso durante dous recreos á semana**. Un lugar de encontro e confianza onde todo o alumnado que o desexe visitar poida relaxarse, sempre facendo **bo uso das súas posibilidades** (escoitar música da súa elección, ver curtas, falar dos seus problemas e inquedanzas, facer deberes, descubrir o material do que está dotada a videoteca, alugar dito material se ten cuberto o documento oficial, etc...).

Esa foi e é a clave, a confianza, o respecto e a ilusión. Nos recreos o Departamento Filosofía – Videoteca queda escaso para tanta vida concentrada. E iso, mentres me queden folgos faime seguir con esta troula, faime “feliz” ver as súas caras de alegría porque lles baixe unha película de “DragonBall”, non unha calquera



claro!, “DragónBall Z: La resurrección de F.”. Pois aí comeza o arduo proceso.

Eu, con dificultades e atafego vou anotando as súas peticións e tamén todo o que levan e devolven, logo pásoo ao libro oficial de actas da videoteca para posteriormente incluír todo no ordenador nun arquivo: “Listado Alfabético” (que vou renovando cada ano) no que calquera alumn@ ou profesor/a pode atopar (se o temos) aquilo que busca.

É un traballo de moitísima “terapia ocupacional”. Descargar da rede, comprobar, baixar carátulas, imprimir, recortar, colocar o numeríño de referencia, gravar. Horas e horas e horas. Pero paga a pena. Só por escoital@s en confianza, tristes ou alegres compartindo entre eles e comigo cen mil “batallíñas”, como se eu fose un máis, sabedes?, coma nun recreo real, facendo deberes!, falando, rindo, xogando coma se eu non existise, dentro dos límites do respecto e a confianza, sempre iso, tan simple, tan complexo, tan precioso no ensino e na vida: respecto, confianza). E canto paga a pena ver a súa ilusión cando lles traes esa película que tanto desexaban ver, ese disco que tanto desexaban escoital!

Unha das grandes cuestións. É legal? Consultando coa SGAE, sempre que sexa para uso lúdico-educativo como indico nas normas e quede prohibida a copia (como tamén indico) non “habería” problema. E digo “habería” porque dita sociedade á que pertencen dende hai moitos anos e da que tamén poderíamos falar (pero non vén ao caso) púxose “espléndida” hai un tempo, se lembrades, e houbo bastante preocupación e

unha morea de dúbidas legais en case tod@s @s docentes sobre se tan sequera podíamos poñer unha película nunha clase. Imaxinádevos a situación extrema da “videoteca” a nivel legal! Así que a dirección creu que o máis conveniente era deixala aberta só para uso do profesorado que a precisara (non tiña a dirección por que cargar coas miñas posibles responsabilidades penais). Enténdoo. Pasaron uns cursos fantasmas, nos que eu tamén o era por dentro, e co “renacer”, veu o paso á acción. De novo pensei (penso moito, ha, ha): e se consigo facer unha “argucia” legal para que a videoteca volva rexurdir? E dándolle voltas fixen este documento que teñen que darme asinado para poder alugar:

(ANEXO MODELO SOLICITUDE MATERIAL VIDEOTECA)
SERVIZO VIDEOTECA. IES A BASELLA - VILANOVA DE AROUSA
CURSO 2017-18. DOCUMENTO PARA A ADMISIÓN DE PETICIÓNS DE MATERIAL
Fic, Dou/Dona....., con DNI.....

AUTORIZO AO ALUMNO(A)..... do curso..... (Especifico curso: p.ex: 3º grupo, p.ex: B e nivel: ESO ou Bacharelato) para que poida empregar o servizo de préstamos da Videoteca do centro, responsabilizándose persoal e xuridicamente do bo uso do material que se lle entregue (o que inclúe a prohibición de realización de copias e/ou reproducións ilexítimas)

Fir..... de..... de 201.....
Assinatura:.....

* (Marque cunha X onde corresponda)

PAI/NAI	TITOR/A	REPRESENTANTE LEGAL
---------	---------	---------------------

E así, puidemos reabrir como antes. O curso pasado, o primeiro con este método, tivemos 47 alumn@s autorizados para préstamos: 6 de 1º ESO, 17 de 2º ESO, 12 de 3º ESO, 3 de 4º ESO e 9 de 1ª Bach. Foi un estoupido de peticións, traballo e moi bo ambiente. Ben certo é que non sempre @ quen lle toca poñer música é do agrado de tod@s, pero aí estamos tentando mesturar liberdade, tolerancia e equidade entre “regatón” e “Nirvana”, que ten o seu aquel!!).

Por dar algúns datos: fixéronse 186 peticións de películas por parte de alumando/profesorado. Gravei 188 (as 186 + 2 para o Departamento e mercamos 10). Solicitáronse 192 cd´s de música por parte do alumnado (gravei estes máis 6 para o fondo de videoteca, é dicir 198). Engadimos 11 videoxogos novos cortesía dun alumno de 1º Bach (José Manuel Oubiña) e mercamos 16 libros da Colección “Libros historia da filosofía e o pensamento en manga”. En total realizáronse 493 préstamos de dvd´s (52 para profesorado), 352 préstamos de cd´s, 18 préstamos de videoxogos, 5 de libros e dous de vhs.

Este ano o número de documentos asinados semella vai ser bastante maior tal e como vai a cousa. O ambiente segue a ser de respecto básico e diversión (por que non?, é recreo dentro do instituto, agardo que non sexa inconstitucional?).

Compañeir@s, a verdade é que isto dá moito traballo e cansa moito, pero compensa. Recoñezo que grazas á videoteca tiven e teño a sorte de coñecer a alumnado moi riquiño a quen nunca lle dei clase (e con algúns/unhas agora conservo unha boa amizade). E nunca esquecerei aquel día tan duro no que un rapaz con Asperger que sempre viña á videoteca (o seu refuxio, como o de tantas e tantos “seres especiais” ao longo destes anos) a falar comigo dun xeito pouco intelixible e a ensinar os seus fermosos debuxos de pokemons que inventaba, me pasou suavemente a súa man pola meixela mentres me caían as bágoas. Os dous mirándonos sen dicir nada. Só por esa bágoa que agarimaches con todo o teu cariño a videoteca será sempre unha lembranza e un regalo precioso e prezado para min e agardo que para ti e para tod@s vós. Como camarada e compañeiro de fatigas, dicirvos algo que xa sabedes: ás veces, pero ocorre, este traballo noso, como diría Kant, non ten prezo, pero si dignidade. Xa sei que diso non se vive neste mundo no que capital (cartos) e vida van da man para algúns. Xa sei que os de arriba case nunca escoitan e semellan xa case totalmente xordos. Pero imos chegando a fin de mes e temos a pesada e impagable carga de traballar e compartir o noso traballo (e a nosa vida) con seres humanos dignos “a priori”, e se non o son, tentar que o sexan “a posteriori”. E iso é moito, moitísimo, non?

marumasat: cos pés no chan e os ollos nas estrelas

Raquel Rendo

contacto: diazdiaz@edu.xunta.es; rrendo@edu.xunta.es

2014-15: presentación do proxecto

Transcorría o curso 2014-15 no IES Maruxa Mallo cando Xosé Díaz, profesor de Matemáticas, propúxome traballar xunto co meu alumnado de Tecnoloxía para levar a cabo “algo” que tiña na cabeza. Non tiven que pensar moito, aceptei sen saber ben de que se trataba, animada pola importancia que teñen os proxectos interdisciplinares na ESO.

A idea era lanzar un dispositivo á estratosfera que gravase imaxes e datos de presión, temperatura e velocidade do vento. Faloume dunha web e dos vídeos realizados por uns estudantes de enxeñaría, pero os grupos nos que compartiamos docencia... eran de 2º da ESO!

Concordamos que as dimensións do proxecto facían inviable completalo nos meses que faltaban de curso e adiámolo ata o seguinte, pero aproveitamos para presentarllo ao alumnado e realizar actividades de motivación. Colgamos un calendario de conta atrás na web do centro e preguntámoslles se sabían que era aquilo. Romperon(nos) a cabeza durante quince días, ata que lles proxectamos un vídeo e formulamos o reto: atrevédesvos a facer algo así? Tampouco eles o pensaron moito e explicamos que o calendario descontaba os días ata o 13 de maio do 2016, cando lanzarían a súa sonda estratosférica. A continuación, escollemos nome para a sonda e lema do proxecto (entre as propostas saíu “*Marumasat: cos pés no chan e os ollos nas estrelas*”); visitamos Meteogalicia para presenciar unha radiosondaxe e entrar en contacto coas aprendizaxes que debiamos desenvolver e, antes de rematar o curso, fixemos unha solta de globos ao xeito de botellas ao mar. En setembro lembraron preguntar, pero ninguén contactara con nós.

2015-16: marumasat

Segundo o previsto, no curso 2015-16 impartiamos docencia en 3º ESO, pero tamén eramos titores dos dous grupos. Este feito casual aportou ao proxecto a hora de tutoría semanal, que tiña lugar simultaneamente; porén, dispoñiamos dunha sesión para agrupar ao alumnado e traballar xuntos.

Eran (son) tempos complicados, de recortes e ratios indecentes, así que se xa era difícil a docencia con máis de trinta alumnos e alumnas nun grupo, necesitabamos organizar moi ben o traballo dos sesenta e catro participantes para aproveitar esa hora compartida nas aulas de grupo, informática e o taller. Establecemos cinco comisións (comunicación, económica, meteorolóxica, científica e deseño e fabricación), nas que se apuntaron segundo os seus intereses, e definimos as tarefas de cada unha. Non houbo problema, ao contrario, sorprendeunos o interese e a implicación; proba de que a resposta é boa cando desenvolvemos actividades de aprendizaxe diferentes ás que o alumnado está afeito.

En novembro comezamos as actividades; entre elas:

- Logotipo (escollido entre as propostas do alumnado), cartel e lona do proxecto.
- Vídeo promocional.
- Blog e perfís nas RRSS.
- Reunión dun grupo de alumnos e alumnas coa concelleira de Educación: facilitounos o primeiro contacto cos medios de comunicación, asumiu o custo de adhesivos, folletos, etc. e ofreceu un espazo na feira ExpOrdes.
- Captación de fondos mediante unha campaña de financiamento colectivo dirixida a particulares e empresas: o alumnado explicou o proxecto, solicitou 5 € como achega e, no caso dos comercios, entregou un cartel para o escaparate que os identificaba como colaboradores. A resposta foi mellor da agardada e cos cartos recadados mercamos boa parte do material e equipos necesarios: cámaras de vídeo, globo, teléfono móbil, GPS, radiosonda, paracaídas e helio.



- Contacto telefónico con medios de comunicación para dar a coñecer o proxecto e redacción de notas de prensa para comunicar datas e feitos importantes que foron publicados en varias ocasións.
- Solicitud de permiso ao aeroporto para realizar o lanzamento.
- Contacto con Meteogalicia, para a recepción dos sinais da radiosonda.
- Deseño e construción en tres fases: elaboración do proxecto para o estudo dos aspectos técnicos e fabricación dun prototipo para elixir as técnicas de traballo antes da sonda definitiva.
- Globo cautivo: para aprender a encher o globo, medir o helio necesario, colocar equipos e atar con cordas a cápsula, o paracaídas, o globo e a radiosonda.
- Coñecemento de páxinas web para a predición meteorolóxica e do punto de aterraxe a partir da traxectoria seguida pola cápsula.
- Elaboración e interpretación de gráficas a partir dos datos de radiosondaxe proporcionados por AEMET.

O alumnado traballou arreo e cunha emoción desbordante nas semanas previas ao lanzamento. Nas súas cabezas rebulían preguntas sen reposta: sería o tempo favorable para o lanzamento? Chegaría o permiso do aeroporto? Estarían preparados na hora autorizada? Funcionaría os equipos? Resistiría a cápsula os ventos estratosféricos? E a máis importante, recuperarían a MarumaSat tras a aterraxe?

Na xornada do 13 de maio comprobamos a predición meteorolóxica e reunímonos para repasar cada unha das tarefas a realizar, que debían sucederse sen atrasos para non superar a hora autorizada para o lanzamento. Ás 11:00 comezaba a conta atrás diante do profesorado e alumnado do centro, familias invitadas, autoridades educativas e do concello (que tamén quixeron estar) e medios de comunicación dispostos a informar do lanzamento. Varias horas no monte permitíronnos atopar a MarumaSat no Concello de A Estrada, cerca das coordenadas previstas pero no alto dun carballo, o que fixo necesario adiar o seu rescate e solicitar axuda a Protección Civil de Ordes para poder ver as imaxes gravadas.

O lanzamento foi un éxito, pero non estivo exento de erros: unha das cámaras apagouse durante o voo; perdemos os datos meteorolóxicos e o GPS non deu sinal ata moito despois, cando xa estaba localizada grazas ao móbil que levaba.

2016-17: NOSA

Lonxe de finalizar o proxecto, o concurso de traslados que nos destinou a outros centros permitiu continuar no curso 2016-17 dun xeito diferente. En diante, seríamos tres institutos (Maruxa Mallo, Miraflores e Marco do Camballón) e novo alumnado e profesorado de Matemáticas, Robótica e Lingua Galega.

Con vontade de integración naceu “NOSA: axencia espacial escolar galega”, que organizou o *I Congreso Marumasat*, en xaneiro de 2017, para dar a coñecer os resultados do proxecto realizado e definir novos obxectivos e actividades. Rematamos o 30 de maio, desta vez si, cun éxito absoluto e coa MarumaSat-II voando ata os 33.612 m de altura, con tres experimentos biolóxicos a bordo e novos sensores programados polo alumnado. Obtivemos fermosas imaxes da Terra e da fronteira do espazo que poden atoparse en Youtube (busca Marumasat II), e unha chea de datos cos que traballar.

O comezo do curso 2017-18 cóllenos analizando datos, organizando xa o *II Congreso MarumaSat* no que definiremos os obxectivos da nova misión da NOSA, e sen poder albiscar cando finalizará este proxecto.

SAÚDE, TERRA E ESTRATOSFERA!

dar “mates” en portugués

Isabel Mato Sánchez
Profesora no IES de Cacheiras (Teo)

Podería dicirse que todo comezou no ano 2010, xusto cando se publicou o Decreto 79/2010. Si, ese do “plurilingüismo” no ensino non universitario de Galicia, que obriga a que case todas as materias de ciencias sexan impartidas en castelán. Nese momento, eu xa tiña 19 anos de experiencia dando aulas de matemáticas en galego. Así que a cousa empezou case como unha “rabecha” ante unha situación que non comprendía.

Eu xa tiña algún coñecemento de portugués, pero nese momento comecei a ir á EOI para obter o nivel B2 necesario para poñer a andar unha sección bilingüe. Algo totalmente utópico, pois no IES no que estaba non había portugués e non se daban as condicións para levar a miña idea á práctica.

No ano 2013 aterrei no IES de Cacheiras e todo comezou a coller forma: eu xa tiña o B1 e estaba a punto de obter o B2, había alumnado con 2ª lingua estranxeira portugués (pouco, pero había) e a profesora de portugués (María Pardo), a Dirección do centro e a Inspección estaban dispostos a comezar o experimento comigo. Pero as cousas non foron nada fáciles.

Comezamos no curso 2014-15. Ese primeiro ano ofertamos Matemáticas en portugués en 2º e 3º da ESO, para ver se faciamos grupo nalgún dos niveis (o número mínimo de alumnado é 12) e a nosa sorpresa foi que o conseguimos nos dous: 17 alumnas e alumnos en 2º e 13 en 3º. Algúns deles cursando portugués por primeira vez e preparados para vivir unha experiencia nova.

Foi un curso de moito traballo. Preparar material novo nunha lingua estranxeira para dous niveis coa carga horaria que ten matemáticas e con vinte horas de clase non é doado. Tampouco axuda ter que estar continuamente reclamando cousas que deberían ser automáticas, como un auxiliar de conversa (que nos concederon no segundo ano), ou como que as substitucións deberían ser cubertas por persoal coa mesma competencia lingüística ca nós, cousa que aínda non conseguimos que suceda.

Os anos seguintes foron máis fáciles, xa non había que facer todo de novo e tiñamos a Sara Martins de auxiliar de conversa, cuxa colaboración foi fundamental nos dous cursos que estivo con nós.

Este será xa o 4º ano con seccións bilingües e creo que conseguimos cousas moi importantes. Vou citar só algunhas:

A porcentaxe de aprobados en matemáticas é alto. Tamén é alto nos grupos de referencia deste alumnado, ao podermos facer grupos máis pequenos. Isto permite mellor atención á diversidade e facer actividades e traballos colaborativos que serían moi difíciles en grupos de trinta.


A lingua portuguesa non é unha dificultade engadida para as matemáticas, o vocabulario non é moi diferente e incorporar o portugués non obriga a reducir contidos de matemáticas. Ademais, dar matemáticas nunha lingua estranxeira supón un reforzo importante na lingua, xa que son moitas horas por semana. Como é de esperar, é apreciable unha progresiva mellora da competencia lingüística en portugués no alumnado, á que contribúe a axuda fundamental da auxiliar de conversa.

Non hai ningún tipo de selección nin segregación do alumnado. O pouco alumnado que hai en portugués permite incorporar ás seccións bilingües a todo aquel que o desexa voluntariamente. Precisamente polo significativo rendemento académico, tanto en Matemáticas como en Portugués, alumnado e familias apoian de modo incondicional a continuidade destas seccións bilingües.

Mais aínda queda moito por conseguir. O tratamento que a Consellería fai do ensino do portugués non é serio. Nos anos que levo con este proxecto, todas as substitucións necesarias, tanto miñas como da profesora de portugués (que pertence ao departamento de galego), foron cubertas por persoas sen o B2. Isto paréceme especialmente grave no caso do profesorado da lingua.

Tal e como está agora a situación, o ensino do portugués e as seccións bilingües nesta lingua dependen totalmente da voluntariedade do profesorado implicado. Nada garante a continuidade destes proxectos cando hai traslado de profesorado, por exemplo.

E non ten pinta de mellorar.



do fin do mundo á tarta de mel

Melani Coedo

Un día chegou á nosa aula de segundo de Primaria un alumno moi preocupado e cunha noticia na man; pedínlle que a lese. A noticia contaba que sen as abellas tardaríamos catro anos en desaparecer, porque son as responsables do 80% da polinización.

A noticia pasou a formar parte da nosa cortiza. Pronto apareceron outras, como que en China a desaparición dos insectos polinizadores fai que sexan persoas as que teñan que realizar a man ese proceso, e que incluso están a fabricar drons-abellas para facelo...

Despois destas novas decidimos saber un pouquiño máis destes pequenos animais.

Empezou a chegar máis información á nosa cortiza: os diferentes tipos de especies, as clases de abellas que viven nunha colmea, como son o seu corpo e os seus sentidos, como se comunican, cal é a súa forma de vivir, cal é o seu calendario, os seus produtos e beneficios, cales son os seus inimigos e como podemos axudalas.

Cando chegou algunha información á aula a propia discente foi a encargada de expoñela; así case sen darnos conta metímonos no fermoso mundo das abellas, coñecéndoas e queréndoas.

No desenvolvemento do noso proxecto tivemos a sorte de contar coa colaboración de varios apicultores, que nos proporcionaron abellas para podermos ver o seu corpo a través de lupas, comprobando as diferenzas entre a nosa abella e a velutina, que tanto dano está a facer nas colmeas coas que se atopa. Trouxéronnos tamén unha colmea para ver como viven e que é o que necesitan. Despois deixáronnola para poder decorala e unha vez terminada volveu ao apiario lista para que vivan nela as abellas. Acercáronnos ademais ao seu traballo e ás súas ferramentas para coidalas e trouxéronnos unha colmea de observación, onde puidemos ver as abellas moi de cerca, como poñía os ovos a raíña, como nacían as abellas, como traballaban as obreiras...

Ó longo do curso relacionamos de xeito global todas as nosas aprendizaxes coas diferentes materias e competencias, traballando todas elas. Algún exemplo:

Comunicación lingüística.- Cando os infantés escriben e expresan toda a información que traen, na organización e comprensión da información e cando rematamos o proxecto cunha exposición de todo o aprendido para os compañeiros doutros cursos. Aproveitamos o interese dos nenos pola temática e buscamos poemas de Gloria Fuertes relacionados co mel, xa que era o primeiro centenario desta escritora.

Competencia matemática.- Cando se convierten en vendedores de mel e teñen que facer cálculos coas moedas, co receitairo cando deben calcular os ingredientes para a receita, elaborando e resolvendo diferentes problemas.

Competencia dixital, na búsqueda da información. Tamén contamos cun robot con forma de abella co que fixemos diferentes aprendizaxes.

Aprender a aprender.- Esta temática despertou nos infantés moitas ganas de aprender porque se sentiron moi motivados.

Competencias sociais e cívicas.- Coñecer a realidade deste insecto fíxolles mudar a súa forma de pensar cara el, traballando valores de respecto, os mesmos que despregaron ao elaborar exposicións, realizar traballos ou apreciar as aportacións dos seus compañeiros/as.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.- Cando buscaban solucións para os grandes problemas que están tendo as abellas para sobrevivir.

Aproveitamos o papel fundamental das familias no proceso de ensino-aprendizaxe, polo que a súa colaboración foi fundamental e estivo moi presente na elaboración dun receitairo onde o ingrediente principal fose o mel. Puidemos degustar así verdadeiras delicias.

A última pinga deste proxecto foi a recollida de toda a información nun "lapbook" e a celebración dunha grande exposición para os compañeiros/as do centro.

Para rematar dicirvos que quen quere ensinar ten que ter disposición a aprender e neste curso eu aprendín moito. Grazas!

habaixo o colexio!

Da man do selo Sushi Books, impulsado polas Edicións Rinoceronte de Cangas do Morrazo, publicouse en datas recentes a tradución galega de *Down with Skoll!*, obra do guionista da BBC Geoffrey Willians (1911-1958) e do debuxante Ronald Searle (1920-2011).

Este libro, aparecido orixinariamente en 1953 e vertido agora para a nosa lingua por Moisés Barcia, está protagonizado por Nigel Molesworth, un alumno prototípico dun non menos prototípico colexio británico, o St. Custard's, acompañado doutros colegas de aula como Peason, Gillibrand, Grabber e Fotherington-Tomas.


Dividido en sete capítulos, narrado en forma de diario e escrito adrede con toda caste de faltas de ortografía, *Habaixo o Colexio!* preséntase inocentemente como un guía “para a vida escolar dirixida ós alumnos e os seus pais”, mais resulta á prostre un irónico, hilarante e demoledor exercicio crítico sobre o sistema educativo nas Illas Británicas durante os inmediatos anos da posguerra mundial. Desde un punto de vista moito máis cómico e divertido, enlaza, neste sentido, coas denuncias consagradas na película de Alan Parker *The Wall* (1982), célebre pola banda sonora homónima de Pink Floyd.

A obra contén, efectivamente, co potente reforzo visual dos debuxos caricaturescos feitos por Searle, retratos desapiadados de directores autoritarios (capítulo 1), que resultan “sempre do máis feroz e coleccionan centos de

bastóns” para lles bater aos seus alumnos e descrições de profesores “de todas formas e tamaños” caracterizados, en suma, polas súas maniáticas, pesadas e moitas veces irracionais praxes docentes (capítulo 3). O protagonista lanza e explica neste sentido catro simpáticas hipóteses sobre o profesorado: que todos son uns miñaxoias e lles encanta infrinxir todo tipo de castigos, que todos gustan de que lles fagan a rosca, que todos son cursis e reprimidos e, por último, que algúns chegan a ser tan pesados e entusiastas que “todos acabamos aprendendo algo”.

Tamén hai nesta obra engrazadas burlas sobre as diversas materias do currículo (capítulo 4) e sobre os ritos que balizan cada ano académico, como o discurso inaugural dos directores (capítulo 1), o día da visita anual dos pais/nais ao colexio (capítulo 6), os festivais músico-teatrais na fin de trimestre (capítulo 6), etc. Son postos igualmente en solfa os propios prospectos con que eses centros propagandeaban entón as súas presuntas excelencias pedagóxicas (capítulo 5). E hai, finalmente, un repaso mordaz sobre algún servizo complementario, como o comedor do Colexio (capítulo 7).

O protagonista-narrador indica nun dos seus parlamentos: “Espero que con isto vos fagades unha idea de como é st custard's que con todos os demais colexios explica porque inglaterra está como está”. E conclúe: “De feito calquera colexio é unha cousa desastrosa”.



EXIL

onde o aire non era brisa, de maría victoria moreno

A designación por parte da Real Academia Galega da escritora María Victoria Moreno (1941-2005) como figura sobre a que pivotará a celebración do vindeiro Día das Letras Galegas pode tomarse, xaora, como un magnífico pretexto para achegarse á produción literaria desta autora estremeña de nacemento e galega por propia vontade.

Ademais de numerosas obras dirixidas ao público infantil (*A festa no faiado*, *Leonardo e os fontaneiros*, *O cataventos*, *Guedellas de seda e liño*, etc.), da exitosa novela *Anagnórise* (1988) e do poemario *Elexías de luz* (2006, edición póstuma), María Victoria, docente de profesión en institutos de Lugo, Vilalonga e Pontevedra, deixou escrita unha novela con protagonista feminina dedicada á docencia nunha pequena vila castelá: *Onde o aire non era brisa*.

Publicada postumamente en 2009 por Galaxia, en tradución para o galego de Xavier Senín e dentro da colección Literaria (núm. 271), a citada novela foi presentada pola súa autora a diversos certames literarios de ámbito hispanófono, conseguindo finalmente o máximo galardón no Premio de Novela Corta Manuel Díaz Luis convocado polo Ayuntamiento de Monleón (Salamanca).

A novela está ambientada nos anos 60 nunha vila de mil casas, “triste e moi cerrada”, chamada Alcores de Donalvar, na provincia de Valladolid. Ten por iso, pensamos, evidentes ingredientes biográfico-familiares, pois a propia nai da autora exerceu como mestra en localidades moi semellantes á que acolle a acción da novela.

Aínda que hai nela unha trama de corte sentimental na que se engarzan problemáticamente e desde

parámetros ideolóxico-vitais antitéticos a xoven mestra Elena Manzanares e a filla da presidenta da Acción Católica, ambas namoradas do médico e fillo do alcalde Fernando, non pode obviarse o pendor claramente “social” de moitas das súas páxinas.

Efectivamente, a novela constitúe un exercicio brillante de estilo (amiúde dun sobrio lirismo) para retratar a dura realidade socio-económica do campo castelán durante certa etapa do franquismo, dominado polos abusos dos terratenientes sobre os xornaleiros, tanto locais como foráneos (galegos, por máis señas); pola corrupción á hora de repartir a paupérrima axuda norteamericana (leite en pó); pola vingativa aplicación da etiqueta de “roxa” a toda persoa que manifeste discordancia cun a todas luces inxusto *statu quo* e pola tan constante como sórdida acción represiva e censorial das autoridades, ben civís (o alcalde), ben eclesiásticas (o párroco, a presidenta da Acción Católica).

Támén se describen, en páxinas intensas, escenas da miseria do campesiñado, da penuria dos “cómicos de la legua”, do maltrato ás mulleres naturalizado como norma social, da falta de medios na escola rural e da dura vida reservada á infancia das capas máis humildes e marxinas.

A novela amosa e explica, por iso mesmo, sen pretender xustificalo en absoluto, ese reaccionarismo inducido que, daquela coma hoxe, logra converter tantos pobres individuos maltratados pola Historia e vítimas da Inxustiza en “amigos do vello e inimigos do novo por un temor que levan dentro transmitido de xeración en xeración”.





Isabel González Avión

as fillas bravas de chévere

Este espectáculo, reivindicativo, fresco e cheo de humor, constitúe un traballo de análise sobre o discurso que as coplas populares ofrecen en col da sexualidade feminina.

As coplas populares, como toda a literatura de tradición oral, son un documento socio-histórico sobre unha forma de vida e unha cosmovisión que perviviron durante séculos. A través delas descubrimos a vida retratada desde a mentalidade popular. Este discurso está construído dende o pobo e na lingua do país, fronte ao elaborado polas clases dominantes na literatura escrita.

Como xa dixemos nalgunha ocasión, sería unha falsidade rotunda atribuír as cantigas populares exclusivamente ás mulleres. Mais a relevancia da autoría feminina é enorme. Non só contrasta coa escaseza dentro das expresións de tipo culto, senón que é sorprendente en si mesma. Destaca, como xa anotou Murguía no seu tempo, a expresión subxectiva. Esta supón unha auténtica auto-representación do xénero feminino a través da lírica: amor, soidade, ledicia, problemas con outros membros femininos da familia, relacións sexuais, acatamento das restricións morais, rexeitamento do matrimonio, desexo de casar...

“[Nas coplas populares] descubrimos a forza e orixinalidade dunha voz feminina incomprensiblemente silenciada do relato histórico”. Non podemos estar máis de acordo con esta afirmación da propia compañía “Chévere”. É abraiante a escaseza de achegas ao estudo dunha expresión tan relevante.

Falar, cantar, tomar a palabra é un exercicio de autoafirmación. As mulleres elaboran un discurso asertivo onde non só gaban as súas calidades físicas ou artísticas, como escoitamos en moitas coplas, senón que van debullando unha maneira de entender a sexualidade, con matices que van desde a expresión da liberdade e do poder sobre o seu propio corpo ata outras que convidan a repregarse ante as presións sociais e a moral convencional dominada por mecanismos ideolóxico-relixiosos. A perspectiva que adopta “Chévere” queda recollida nesta declaración: “As Fillas Bravas veñen para reafirmar modelos empoderados de muller, vencellados a expresións culturais tradicionais que agochan berros emancipatorios e cantos de rebeldía insospeitados”.

E así é. Existe, xa que logo neste espectáculo unha vontade expresa de ofrecerlle ao público modelos de mulleres fortes e autoafirmadas, desde o máis íntimo, que axiña se converte no máis social: a sexualidade. As protagonistas, Isaura, Dosinda e Benedita, responden ao desexo de “Chévere” de presentarnos “mulleres maiores, fortes e autónomas que sirva de referente próximo e real para os ideais de autonomía persoal das mulleres máis novas. E para as máis grandes, que o seu exemplo supoña un reforzo da autoestima”.



AS FILLAS BRAVAS

~ CHÉVERE ~



aulas libres

39

Patricia de Lorenzo interpreta a Isaura de Momán, unha muller brava, filla da súa nai e neta da súa avoa, unha muller que reivindica o protagonismo da sexualidade feminina a través das coplas populares. O excelente traballo interpretativo da actriz provoca que ás persoas espectadoras mesmo lles resulte difícil consideralo como unha ficción escénica. O rexistro empregado por Isaura está moi logrado. Parece que estamos a escoitar unha das innumerábeis mulleres do pobo que, sen recibir unha gran formación académica, foron quen de elaborar o seu propio rexistro formal, coidado a conciencia e cunha ortofonía deliciosa. A frescura que transmite Isaura consegue conectar cunha parte do público que solta gargalladas acompañando o riso propositadamente contaxioso deste personaxe. Así e todo, non é un humor fácil e choqueiro. Ela, Isaura de Momán, é a encargada de facer a eséxese textual, de converter un mero espectáculo “retuqueiro” nunha análise do significado das coplas populares e da numerosa simboloxía empregada nelas.

Benedita de Cachán, que peitea unhas honorábeis ao mesmo tempo que modernas canas, está interpretada por Arantza Villar. Esta personaxe é a muller madura que representa o vencello entre a tradición e a contemporaneidade. Pode ser calquera muller que ande perto dos 50, con certa formación, que cando andaba polos 20 descubriu na expresión da música tradicional unha forza e unha modernidade que ata entón non se lle recoñecera. Benedita de Cachán, Beni, como se fai chamar, emprega termos como “simboloxía” ao tempo que se desenvolve con naturalidade coas novas tecnoloxías ou conduce o vehículo que leva as tres protagonistas polos escenarios da xeografía galega. É a encargada de propoñer “en vivo” un concurso entre o público que consiste en transformar versos dunha copla en “emoticonos” e envialos a través do whatsapp ao seu propio móbil.

Dosinda de Cachán representa a muller dona de si mesma que buscaba “Chévere” para poder provocar no público unha identificación positiva: “Puxémonos á procura dun personaxe poderoso, dun modelo de muller que pagase a pena poñer enriba do

escenario pola súa forza e polo orgullo de ser o que era. Así apareceu a figura da avoa.” A interpretación que realiza Mónica García é impresionante. É certamente imposible albiscar a actriz; unicamente somos quen de ver este potente personaxe. A imaxe positiva que ofrece sobre a sexualidade das mulleres maiores é dunha contundencia total.

A obra, estreada no mes de outubro de 2014 supera xa as 70 funcións ao longo de toda a xeografía do país. Pero as funcións dirixidas ao público escolar foron unha minoría. “Chévere” non oculta a intención didáctica desta peza xa que pon en valor a nosa cultura tradicional en relación coas preocupacións da sociedade contemporánea. A compañía fai un ofrecemento expreso a facer chegar o espectáculo ás persoas adolescentes. Acha moi interesante que a peza sexa representada ante un público comprendido entre os 14 e os 18 anos, público que, como sabemos, non adoita ateigar as salas de teatro en días non lectivos.

Non podemos menos que facérmonos eco desta intención, deste desexo da propia compañía, xa que é moi valioso o proveito educativo que se lle pode tirar a este espectáculo.

ós pirómanos do monte

¿ONDE está o rostro do que acende o lume?
¿Os morcegos da sombra, as traidorías?

¿Fuxe coa alma alombada cando fuxe
con pisada furtiva e asasina?

¿Quen acende as restrebas, os rastrollos,
deixando tras de si lume mordendo
árbores, matos, aves, alimarias?

¿Quen mata o aire co aseitar da chama
que acora a quen se achega a exterminalo?
¿Que paixóns remoen ó que queima?

¿Non lle doen as entranas as paisaxes,
o asasinar cobarde da beleza,
converter en fogueiras as herdades
e converter as terras en borrallas?

¿Que afán na podre man que estreba o misto
ou que cervos, maliaxes, os que os rillan?
¿Que lobos, que rancuras despeitadas
lle están sugando arreo as irtas veas?

¿Son fillos de Caín como o que mata,
ou son fillos sen nai, amor nin alma,
veleno, refugallo rexeitado?

Fede a traición o fume das toradas.
Negra traición a que asasina os adros,
a que prende nos montes as fogueiras.

¿Que alieníxena chama os rilla dentro?
¿Que almagre, en vez de sangue, os alucina?

PURA VÁZQUEZ
(1918-2006)

do libro *Desmemoriado río* (Espiral Maior, 1997)

sedes de STEG

A CORUÑA

Avda. do ferrocarril s/n, Local 1752. 15007 A Coruña
Tfno/Fax 981154031
corunha@steg.gal
Horario de atención de sede: de luns a venres de 10:00 a 14:00 h e os luns e xoves tamén de 17:00 a 19:00 h

SANTIAGO DE COMPOSTELA

r/ Pitelos nº 35, local 32, Galerías Viacambre. 15702 Santiago de Compostela
Tfno/Fax 981580700
compostela@steg.gal
Horario de atención de sede: de luns a venres de 10:00 a 14:00 h e os martes e mércores tamén de 17:00 a 19:00

LUGO

r/ Conde nº 31 - Entresollado esquerda. 27003 Lugo
Tfno/Fax 982240066
lugo@steg.gal
Horario de atención de sede: De luns a venres de 10:00 a 14:00 h e de luns a xoves tamén de 17:00 a 19:00 h.

OURENSE

r/ Bedoya nº 5, 2º dereita. 32004 Ourense
Tfno/Fax 988252323
ourense@steg.gal
Horario de atención de sede: martes e xoves de 10:00 a 14:00 h e de luns a xoves tamén de 17:00 a 19:00 h (os luns, mércores e os venres de 10:30 a 14:30 h.)

PONTEVEDRA

Praza Curros Enríquez, nº 1, oficina 201. 36002 Pontevedra
Tfno/Fax 986 85 75 45
pontevedra@steg.gal
Horario de atención de sede: De luns a venres de 10:00 a 14:00 h e os luns de 17:00 a 19:00 h., martes e xoves de 17:30 a 19:30 h.



**aulas
libres 9**